

Número 6 - Ano 2021

ACTA

da sesión ORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

29 de abril de 2021

Sendo as dez horas e trece minutos do día vinte e nove de abril de dous mil vinte e un; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnense por medios telemáticos os concelleiros e concelleiras DON RAMÓN CARBALLO PÁEZ; DONA MARÍA CARMEN LÓPEZ SILVA; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DONA BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA; DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ; DONA SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL; DON ÓSCAR POY FRANCO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ; DON MANUEL RAFAEL PÉREZ-PRADOS; DON ÁLVARO SANTOS RAMOS, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Sostibilidade Urbana; DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde da Área de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Cohesión Territorial; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión e Dinamización Social; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBAN, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores; DONA SILVIA ALONSO PÉREZ, Concelleira Delegada de Muller e Igualdade; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento; DONA MARÍA OLGA LOUZA O ALDARIZ e DON JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Manuel Vázquez Fernández.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

A presente sesión foi convocada por resolución da alcaldía de data 26 de abril de 2021 e notificada por secretaría aos membros da Corporación conforme ao seguinte ORDE DO DÍA:

1/51 APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO EXCMO. CONCELLO PLENO, CELEBRADA O DÍA DE 25 DE FEBREIRO DE 2021.

A) PARTE RESOLUTIVA

ACTAS E GOBERNO

2/52 MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO NÚMERO 4/87, ADOPTADO NA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 5 DE XULLO DE 2019, RELATIVO Á CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS PERMANENTES ORDINARIAS DO PLENO.

3/53 MODIFICACIÓN DO ACORDO NÚMERO 6/89 DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 5 DE XULLO DE 2019 RELATIVO ÁS ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS A GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

FACENDA LOCAL

4/54 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA CONSTRUCCIÓN DE NAVE INDUSTRIAL DESTINADA AO ALMACENAMENTO DE FORRAXES EN BELESAR (SAN XOÁN DO CAMPO).

5/55 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DE CONSTRUCCIÓN DE CUBERTAS DE FOXAS DE XURRO, SOLEIRAS E LEGALIZACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN EN LAMABOA (SAN XOÁN DO CAMPO).

6/56 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS PARA UNHA EXPLOTACIÓN AVÍCOLA DE CEBO DE POLOS CAMPEIROS EN SANTA CRISTINA- SAN ROMÁN, POLÍGONO 153, PARCELA 569.

7/57 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA CONSTRUCCIÓN DUN ESTERCOLEIRO, DUNHA FOSA DE XURRO E DUNHA PLATAFORMA DE FORMIGÓN EN ESPERANTE.

INTERVENCIÓN

8/58 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 7/2021, REPARO 22/21.

9/59 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 8/221.

PERSOAL

10/60 SOLICITUDE DE RECOÑECEMENTO DE COMPATIBILIDADE PRESENTADA POLA FUNCIONARIA INTERINA ADSCRITA AO SERVIZO DE ENXEÑERÍA.

URBANISMO

11/61 CRITERIO INTERPRETATIVO EN RELACIÓN COA RASANTE A TER EN CONTA NAS CONSTRUCIÓNS EN LADEIRA NOS PLANS PARCIAIS APROBADOS E INCORPORADOS AO PXOM (UZPIS).

PROPOSICIÓNS

12/62 PROPOSICIÓ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 120/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ELABORAR UN PLAN DE IMPULSO QUE INCLÚA UNHA ÁREA DE REHABILITACIÓN E RENOVACIÓN URBANA NO BARRIO DA PONTE.

13/63 PROPOSICIÓ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO PARTIDO PSdeG-PSOE, NÚMERO 127/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA RECLAMAR Á XUNTA QUE CUMpra A SÚA PROMESA DE FINALIZAR A ROLDA LESTE.

14/64 PROPOSICIÓ DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 128/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA O FOMENTO DA RECICLAXE.

15/65 PROPOSICIÓ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 130/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ACTUALIZAR O PLAN MUNICIPAL DE EMERXENCIAS.

16/66 PROPOSICIÓ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 132/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A CUMPRIR OS COMPROMISOS ASUMIDOS E POÑER EN MARCHA AXUDAS PARA A LOITA CONTRA A PANDEMIA E A CRISE ECONÓMICA E SOCIAL QUE SOFRE ESPAÑA.

17/67 PROPOSICIÓ DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 133/2021 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á RECUPERACIÓN E

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

REPARACIÓN DAS CONSECUCENCIAS DO INCENDIO DO POLÍGONO DE "O CEAO".

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

18/68 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 12 DE MARZO DE 2021, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS.

19/69 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 2973/2021, DO 16 DE ABRIL DE 2021, DO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS, SOBRE NOVA ORGANIZACIÓN MUNICIPAL DA CORPORACIÓN 2019-2023.

ROGOS E PREGUNTAS

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, étrase seguidamente no exame da orde do día, e adóptanse, en relación con ela, os seguintes **ACORDOS**:

1/51 PROPOSTA DE APROBACIÓN DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA 25 DE FEBREIRO DE 2021.-

Vista a proposta de Secretaría do 20 de abril de 2021, do seguinte teor:

"O pasado día 25 de febreiro de 2021, o Excmo. Concello Pleno celebrou sesión ordinaria da que se levantou a correspondente acta que, unha vez transcritas as intervencións producidas, foi asinada polo Secretario Xeral do Pleno e pola Alcaldesa-Presidenta da Corporación.

Por todo o exposto, propónse a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a acta correspondente á sesión celebrada polo Excmo. Concello Pleno o día 25 de febreiro de 2021."

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo. |
| - Votos en contra: | 0 | |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

Aprobar a acta correspondente á sesión celebrada polo Excmo. Concello Pleno o día 25 de febreiro de 2021.

A) PARTE RESOLUTIVA

ACTAS E GOBERNO

2/52 MODIFICACIÓN DO ACORDO PLENARIO NÚMERO 4/87, ADOPTADO NA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 5 DE XULLO DE 2019, RELATIVO Á CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS PERMANENTES ORDINARIA DO PLENO.-

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DO 21 DE ABRIL DE 2021, do seguinte teor literal:

“Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

- 1.- Acordo plenario número 4/87, do 5 de xullo de 2019, polo que se aproba a creación e composición das Comisións Permanentes Ordinarias do Pleno.
- 2.- Decreto número 2973/2021, do 16 de abril, polo que se establece unha nova organización municipal.

Tendo en conta a necesidade de adaptar a denominación e o ámbito de actuación das Comisións do Pleno á nova organización municipal, e de conformidade co disposto no artigo 117 e seguintes do Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo, PROPONSE ao Excmo. Concello Pleno a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Modificar o acordo número 4/87, adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 5 de xullo de 2019, no referente ao seu apartado segundo relativo ao número e denominación das Comisións permanentes ordinarias, que quedará redactado do seguinte xeito:

“2.- Número e denominación: créanse tres comisións permanentes ordinarias coas denominacións e ámbitos de actuación seguintes:

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE SOSTIBILIDADE URBANA E COHESIÓN TERRITORIAL**, que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, en relación coas materias comprendidas nas seguintes áreas: Área de Sostibilidade Urbana e Área de Cohesión Territorial.
- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL**, que coñecerá dos asuntos que teñan que ser

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

sometidos á decisión do Pleno da Corporación, en relación coas materias comprendidas na área de Cohesión e Dinamización Social.

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA E DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS**, que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, en relación coas materias comprendidas nas seguintes áreas: Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e Mobilidade e Infraestruturas Urbanas.”

SEGUNDO.- Manter vixentes todos os demais aspectos recollidos no referido acordo.

TERCEIRO.- Trasladar o presente acordo ás Dependencias e Grupos Políticos municipais.”

2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, emitido na sesión celebrada o día 26 de abril de 2021.

Ao non suscitarse debate sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,

ACORDA:

PRIMEIRO.- Modificar o acordo número 4/87, adoptado na sesión extraordinaria celebrada o 5 de xullo de 2019, no referente ao seu apartado segundo relativo ao número e denominación das Comisións permanentes ordinarias, que quedará redactado do seguinte xeito:

“2.- Número e denominación: créanse tres comisións permanentes ordinarias coas denominacións e ámbitos de actuación seguintes:

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE SOSTIBILIDADE URBANA E COHESIÓN TERRITORIAL**, que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, en relación coas materias comprendidas nas seguintes áreas: Área de Sostibilidade Urbana e Área de Cohesión Territorial.

- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL**, que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, en relación coas materias comprendidas na área de Cohesión e Dinamización Social.
- **COMISIÓN PERMANENTE ORDINARIA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA E DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS**, que coñecerá dos asuntos que teñan que ser sometidos á decisión do Pleno da Corporación, en relación coas materias comprendidas nas seguintes áreas: Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e Mobilidade e Infraestruturas Urbanas.”

SEGUNDO.- Manter vixentes todos os demais aspectos recollidos no referido acordo.

TERCEIRO.- Trasladar o presente acordo ás Dependencias e Grupos Políticos municipais.

3/53 MODIFICACIÓN DO ACORDO NÚMERO 6/89 DO PLENO EXTRAORDINARIO DO 5 DE XULLO DE 2019 RELATIVO ÁS ASIGNACIÓNS POR ASISTENCIAS E INDEMNIZACIÓNS A MEMBROS DA CORPORACIÓN E ASIGNACIÓNS ECONÓMICAS A GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.-

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA, DO 21 DE ABRIL DE 2021, do seguinte teor literal:

“Visto que con data do 5 de xullo de 2019, o Pleno da Corporación municipal aprobou, entre outros, o réxime de asignacións por asistencias e indemnizacións a membros da Corporación e grupos políticos, determinando os supostos de retribucións e asignacións de dedicacións exclusivas e parciais.

Visto así mesmo que o dito acordo foi modificado no Pleno do 31 de outubro de 2019, a petición do Grupo Municipal do Partido Popular, no que atinxía a unificar nunha dedicación exclusiva as dúas dedicacións parciais que lle foran atribuídas quedando, polo tanto, con dúas dedicacións exclusivas.

Visto que no Pleno extraordinario celebrado o día 15 de abril de 2021, tomou posesión como Concelleira desta Corporación dona Silvia Alonso Pérez, en substitución, por renuncia, de don Miguel Ángel Couto Alonso, o que derivou nunha nova organización municipal reflectida no Decreto número 2973/2021, do 16 de abril, que implica actualizar o acordo plenario de dedicacións exclusivas para recoller a nova denominación dos seguintes tenentes de alcaldesa e concelleiros delegados con dedicacións exclusivas:

-Ó Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

-Ó Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Sostibilidade Urbana.

-Ó Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes.

-Á Concelleira Delegada de Muller e Igualdade.

Esta Alcaldía, ao abeiro da Base 18.i.2) do Orzamento Xeral, PROPONLLE ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Modificar o acordo número 6/89 do pleno extraordinario do 5 de xullo de 2019 relativo ás asignacións por asistencias e indemnización a membros da corporación e asignacións económicas a grupos políticos municipais (modificado á súa vez polo 3/129 do pleno do 31 de outubro de 2019 no que atinxe ás dedicacións asignadas ao grupo municipal popular), no que atinxe ao parágrafo A), que quedará redactado como segue:

A) Determinación dos supostos de RETRIBUCIÓN E ASIGNACIÓN DE DEDICACIÓN EXCLUSIVAS E PARCIAIS:

1.- A/O Alcaldesa/Alcalde Presidente percibirá como retribución, en réxime de dedicación exclusiva, catorce mensualidades de 4.787,22 euros cada unha.

2.- Dentro da consignación global da correspondente aplicación orzamentaria, están dotados en réxime de dedicación exclusiva na contía de 3.172,40 euros mensuais, en catorce mensualidades aos seguintes 14 concelleiros/ concelleiras.

- **Ó Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial.**

- **Ó Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Sostibilidade Urbana.**

- Á Tenente de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos.

- **Ó Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes.**

- Á Concelleira Delegada de Benestar, Inclusión e Persoas Maiores.

- **Á Concelleira Delegada de Muller e Igualdade.**

- Ó Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento.

- Á Tenente de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza.

- Ó Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas.

- Ó Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas.

- Dous/dúas concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

Así mesmo están dotados en réxime de dedicación parcial na contía de 1.586,20 euros mensuais, en catorce mensualidades, os/as seguintes 2 concelleiros/concelleiras:

- Dous/dúas concelleiros/as do Grupo Municipal Ciudadanos Lugo.

Aplicaráselles as asignacións anteriores aos cargos con dedicación exclusiva a proposta da Alcaldía Presidencia e tras a acreditación da existencia de crédito orzamentario.

As retribucións dos membros das Corporacións Locais serán obxecto de actualización nos mesmos termos recollidos para os funcionarios de carreira nas sucesivas Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

No caso do cesamento anticipado á extinción do mandato, os membros

corporativos saíntes terán dereito á liquidación pola parte proporcional das vacacións non disfrutadas no seu caso.

SEGUNDO.- Todas estas percepcións producirán efecto desde a adopción do acordo plenario, agás naqueles casos de concelleiros/as nos que se tivese efectuado delegación por parte da Alcaldía nos que os efectos do presente acordo terán efecto retroactivo á data que corresponda, con excepción da Concelleira Delegada de Muller e Igualdade que a percibirá con efectos do día que se indique no Decreto de asignación.

TERCEIRO.- Manter vixentes todos os demais aspectos recollidos no referido acordo.

CUARTO.- Trasladar o presente acordo ás dependencias e Grupos Políticos municipais e proceder á publicación regulamentaria.”

2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, emitido na sesión celebrada o día 26 de abril de 2021.

Ao non suscitarse debate sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Modificar o acordo número 6/89 do pleno extraordinario do 5 de xullo de 2019 relativo ás asignacións por asistencias e indemnización a membros da corporación e asignacións económicas a grupos políticos municipais (modificado á súa vez polo 3/129 do pleno do 31 de outubro de 2019 no que atinxe ás dedicacións asignadas ao grupo municipal popular), no que atinxe ao parágrafo A), que quedará redactado como segue:

A) Determinación dos supostos de RETRIBUCIÓN E ASIGNACIÓN DE DEDICACIÓN EXCLUSIVAS E PARCIAIS:

1.- A/O Alcaldesa/Alcalde Presidente percibirá como retribución, en réxime de dedicación exclusiva, catorce mensualidades de 4.787,22 euros cada unha.

2.- Dentro da consignación global da correspondente aplicación

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

orxamentaria, están dotados en réxime de dedicación exclusiva na contía de 3.172,40 euros mensuais, en catorce mensualidades aos seguintes 12 concelleiros/concelleiras.

- **Ó Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial.**
- **Ó Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Sostibilidade Urbana.**
- Á Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos.
- **Ó Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes.**
- Á Concelleira Delegada de Benestar, Inclusión e Persoas Maiores.
- **Á Concelleira Delegada de Muller e Igualdade.**
- Ó Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento.
- Á Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza.
- Ó Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas.
- Ó Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas.
- Dous/dúas concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

Así mesmo están dotados en réxime de dedicación parcial na contía de 1.586,20 euros mensuais, en catorce mensualidades, os/as seguintes 2 concelleiros/concelleiras:

- Dous/dúas concelleiros/as do Grupo Municipal Ciudadanos Lugo.

Aplicaráselles as asignacións anteriores aos cargos con dedicación exclusiva a proposta da Alcaldía Presidencia e tras a acreditación da existencia de crédito orxamentario.

As retribucións dos membros das Corporacións Locais serán obxecto de actualización nos mesmos termos recollidos para os funcionarios de carreira nas sucesivas Lei de Orzamentos Xerais do Estado.

No caso do cesamento anticipado á extinción do mandato, os membros corporativos saíntes terán dereito á liquidación pola parte proporcional das vacacións non desfrutadas no seu caso.

SEGUNDO.- Todas estas percepcións producirán efecto desde a adopción do acordo plenario, agás naqueles casos de concelleiros/as nos que se tivese efectuado delegación por parte da Alcaldía nos que os efectos do presente acordo terán efecto retroactivo á data que corresponda, con excepción da Concelleira Delegada de Muller e Igualdade que a percibirá con efectos do día que se indique no Decreto de asignación.

TERCEIRO.- Manter vixentes todos os demais aspectos recollidos no referido acordo.

CUARTO.- Trasladar o presente acordo ás dependencias e Grupos Políticos municipais e proceder á publicación regulamentaria.

FACENDA LOCAL

4/54 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA CONSTRUCCIÓN DE NAVE INDUSTRIAL DESTINADA AO ALMACENAMENTO DE FORRAXES EN BELESAR (SAN XOÁN DO CAMPO).-

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, do 23 de marzo de 2021, do teor literal seguinte:

“Visto o informe de Facenda Local do 23 de marzo de 2021, e dentro das potestades que a Lei outorga ós concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ó Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

ESTIMAR a solicitude formulada por Pablo Peixoto Torres en representación de DAVID LOPEZ CORRAL, procedendo á declaración da construción de nave destinada ao almacenamento de forraxes en Belesar (San Xoán do Campo), nas parcelas de referencia catastral 27900A166000080000SP e 27900A166000090000SL, como de especial interese ou utilidade municipal, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.”

2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, emitido na sesión celebrada o día 26 de abril de 2021.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

- Abstencións: 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

ESTIMAR a solicitude formulada por don Pablo Peixoto Torres, en representación de DAVID LOPEZ CORRAL, procedendo á declaración da construción de nave destinada ao almacenamento de forraxes en Belesar (San Xoán do Campo), nas parcelas de referencia catastral 27900A166000080000SP e 27900A166000090000SL, como de especial interese ou utilidade municipal, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

5/55 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DE CONSTRUCCIÓN DE CUBERTAS DE FOXAS DE XURRO, SOLEIRAS E LEGALIZACIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN EN LAMABOA (SAN XOÁN DO CAMPO).

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, do 23 de marzo de 2021, do seguinte teor:

“Visto o informe de Facenda Local do 23 de marzo de 2021, e dentro das potestades que a Lei outorga ós concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ó Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

ESTIMAR EN PARTE a solicitude formulada por Jesús Rodríguez López en representación da SOCIEDADE COOPERATIVA DEL CAMPO LAMABOA, procedendo á declaración da construción de cubertas de foxas de xurro e soleiras en Lamaboa (San Xoán do Campo), na parcela de referencia catastral 27900A146001820000SQ, como de especial interese ou utilidade municipal, desestimando a solicitude formulada en relación ás obras de legalización do muro de contención, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.”

2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, emitido na sesión celebrada o día 26 de abril de 2021.

Ao non suscitarse debate, sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

ESTIMAR EN PARTE a solicitude formulada por don Jesús Rodríguez López, en representación da SOCIEDADE COOPERATIVA DEL CAMPO LAMABOA, procedendo á declaración da construción de cubertas de foxas de xurro e soleiras en Lamaboa (San Xoán do Campo), na parcela de referencia catastral 27900A146001820000SQ, como de especial interese ou utilidade municipal, desestimando a solicitude formulada en relación ás obras de legalización do muro de contención, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

6/56 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA CONSTRUCCIÓN DE INSTALACIÓNS PARA UNHA EXPLOTACIÓN AVÍCOLA DE CEBO DE POLOS CAMPEIROS EN SANTA CRISTINA- SAN ROMÁN, POLÍGONO 153, PARCELA 569.-

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, do 24 de abril de 2021, do seguinte teor literal:

“Visto o informe de Facenda Local do 12 de abril de 2021, e dentro das potestades que a Lei outorga ós concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ó Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

ESTIMAR a solicitude formulada por María del Carmen Vázquez Díaz en representación de SOÑARA, S.C., procedendo á declaración da construción de instalacións para unha explotación avícola de cebo de polos campeiros en Santa Cristina-San Román, polígono 153, parcela 569, como de especial interese ou utilidade municipal, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.”

2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, do 12 de abril de 2021.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

ESTIMAR a solicitude formulada por dona María del Carmen Vázquez Díaz, en representación de SOÑARA, S.C., procedendo á declaración da construción de instalacións para unha explotación avícola de cebo de polos campeiros en Santa Cristina-San Román, polígono 153, parcela 569, como de especial interese ou utilidade municipal, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

7/57 SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL DA CONSTRUCCIÓN DUN ESTERCOLEIRO, DUNHA FOSA DE XURRO E DUNHA PLATAFORMA DE FORMIGÓN EN ESPERANTE.

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, do 23 de marzo de 2021, do seguinte teor literal:

“Visto o informe de Facenda Local do 23 de marzo de 2021, e dentro das potestades que a Lei outorga ós concellos para a declaración de interese ou utilidade municipal, propónselle ó Excmo. Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

ESTIMAR a solicitude formulada por Milagros Varela Fagilde en representación de SAT FRAGUEIRO, procedendo á declaración da dun estercoleiro, dunha fosa de xurro e dunha plataforma de formigón en Esperante, na parcela de referencia catastral 27900A108001000000SO, como de especial interese ou utilidade municipal, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.”

2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, emitido na sesión celebrada o día 26 de abril de 2021.

Ao non suscitarse debate sométese o asunto directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 25 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade, **ACORDA:**

ESTIMAR a solicitude formulada por dona Milagros Varela Fagilde, en representación de SAT FRAGUEIRO, procedendo á declaración da dun estercoeiro, dunha fosa de xurro e dunha plataforma de formigón en Esperante, na parcela de referencia catastral 27900A108001000000SO, como de especial interese ou utilidade municipal, en base ás argumentacións recollidas no informe do Servizo de Facenda Local, que se dan por reproducidas a efectos da súa motivación.

INTERVENCIÓN

8/58 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 7/2021, REPARO 22/21.

Examinado o expediente tramitado para os efectos e vistos:

1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA, do 16 de abril de 2021, do seguinte teor literal:

Asunto: Tramitación Aprobación de Facturas
Fase do Gasto: Recoñecemento da obriga Fase O)
Reparo Núm 22-2021: Art 216.2 c) Recoñecemento extraxudicial 7-2021
IMPORTE TOTAL: 28.289,27 €
IMPORTE BASE IMPOÑIBLE FACTURAS: 23.379,55 €
IVE DE CARÁCTER NON DEDUCIBLE: 4.909,72 €
IVE DE CARÁCTER DEDUCIBLE (non orzamentario): 0 €
IMPORTE TOTAL imputado ao orzamento 2021: 28.289,27 €

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

Durante o presente exercicio remitíronse por parte de diversos Servizos Municipais ao departamento de Contabilidade Municipal, facturas devengadas e executadas en exercicios anteriores, que non foron imputadas ao respectivo orzamento, por importe total de **28.289,27€**

No presente exercicio procedeuse á verificación da existencia dos informes de conformidade preceptivos e esixibles para a tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, así como da habilitación do crédito polo órgano responsable da Contabilidade Municipal.

Considerando a conformidade prestada polos responsables técnicos municipais, así como polos titulares das concellerías delegadas de Área ás mencionadas facturas corroborando así a efectiva execución dos servizos e subministracións.

Considerando igualmente a imputación orzamentaria das facturas con cargo ao estado de consignacións orzamentarias incluída no Orzamento corporativo para o exercicio 2021, xuntándose as dilixencias estendidas pola responsable da Contabilidade Municipal indicativas das referencias dos mandamentos contables RC asinados pola Tesoureira Municipal como responsable da Contabilidade Municipal, acreditativos da existencia de crédito dispoñible, por importe total de **28.289,27 € (contía imputable ao orzamento: 28.289,27 €)** nas respectivas aplicacións presupostarias de imputación relacionadas, sen que tal circunstancia supoña ningún menoscabo na prestación dos servizos de natureza básica e esencial, asumindo como responsable da xestión orzamentaria que a imputación dos gastos relacionados con cargo aos créditos do orzamento vixente non causará ningún perxuízo nen limitación ningunha para a realización das atencións do exercizo corrente, e polo tanto, resulta posible a súa imputación sen minoración da calidade dos servizos e con coherencia respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Considerando finalmente o enriquecemento inxusto da Administración municipal como consecuencia da execución de gastos en beneficio dos intereses xerais, e atendendo á conformidade prestada polos servizos técnicos municipais tanto ás cantidades, como ás calidades e prezos.

Logo de ver o informe emitido pola Intervención xeral municipal Ref 2021/527, de data 15.04.2021 relativo ao expediente de administrativo extraxudicial de créditos 7-2021 reparo 22-2021, coas consideracións nel contidas, así como o mantemento da discrepancia asinado pola Tenenta de Alcaldesa delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos o 15.04.2021 e o decreto de levantamento de reparo nº 2970/2021 do 16.04.2021, esta Alcaldía no uso das atribucións conferidas propón ao Pleno a adopción do acordo correspondente á seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 2 do Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo.
- **Abstencións:** 10 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta, **ACORDA:**

De conformidade co establecido no artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990 de 20 de abril, aprobar a habilitación de crédito así como a aprobación da autorización, disposición do gasto, recoñecemento e liquidación das obrigas relacionadas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito das facturas relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias e mandamentos sinalados nas dilixencias respectivas de existencia de crédito e cuxo importe global suma a cantidade de **28.289,27 €:**

COD_FACT	PROVEEDOR	NUM_FACT	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BASE	IVE_DED	IVE_NON_D ED	TOTAL
81493	ASCENSOR ES ENOR SL_B366509 92	3289	18/6/2019	OFERTA TEQ80601 EQUIPO SITO EN CL SANTO GRIAL, S/N : Suministro e instalación en el techo de la cabina del ascensor de n	93301.21200	2021000091 80	85,22	0,00	17,90	103,12
81494	ASCENSOR ES ENOR SL_B366509 92	3290	11/9/2019	OFERTA TTA40201 - PUERTA AUTOM CENTRO SOCIAL MARUJA MAIO - PARTE 13/08/2019: Reparación d e la puerta automática, soldad	93301.21200	2021000091 80	402,30	0,00	84,49	486,79
81495	ASCENSOR ES ENOR SL_B366509 92	3291	4/7/2019	REF. EQUIPO EN CL QUIROGA BALL ESTEROS. S/N - PARTE 05/06/201 9: Rescate de persona por cuer da arrojada por hueco que se e	93301.21200	2021000091 80	50,89	0,00	10,69	61,58

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

COD_FACT	PROVEEDOR	NUM_FACT	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BASE	IVE_DED	IVE_NON_DED	TOTAL
81497	ASCENSORES ENOR SL_B366509 92	3292	19/7/2019	REF. CM. DOS ROMANOS, S/N - PARTE 02/07/2019: Limpiar piedras de deslizaderas y enderezar contacto de presencia de puert	93301.21200	202100009180	50,89	0,00	10,69	61,58
84253	SEYVI SEGURIDADE SL_B848459 40	42	31/1/2021	Servicio de vigilancia y seguridad para el Concello de Lugo mediante vigilante de seguridad homologado sin arma durante	33801.22699	202100017470	5.906,25	0,00	1.240,31	7.146,56
84254	SEYVI SEGURIDADE SL_B848459 40	43	31/1/2021	Servicio de vigilancia y seguridad para el Concello de Lugo mediante vigilante de seguridad homologado sin arma durante	33801.22699	202100017470	1.764,00	0,00	370,44	2.134,44
84390	LA VOZ DE GALICIA SA_A150006 49	007963	31/10/2020	SAN FROILAN; OCT-3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12; La Voz de Galicia; Lugo; Pagina par; 5x1 0 MOD;---	33801.22699	202100017465	9.000,00	0,00	1.890,00	10.890,00
84391	LA VOZ DE GALICIA SA_A150006 49	007962	31/10/2020	PROMOCIÓN ACTIVIDADE : OCT-22; La Voz de Galicia; Lugo; Modulo; 5x2 MOD;---	33000.22602	202100019790	120,00	0,00	25,20	145,20
84392	LA VOZ DE GALICIA SA_A150006 49	001090	31/10/2020	SAN FROILAN- CONCELLO DE LUGO 2 020; OCT-3, 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11, 12; lavozdegaliciana.es; Lugo; FALDON SUPERIOR (980X90	33801.22699	202100019793	1.000,00	0,00	210,00	1.210,00
84396	VOZ DE	001487	31/10/2020	C. LUGO-	33801.22699	2021000197	3.000,00	0,00	630,00	3.630,00

COD_FACT	PROVEEDOR	NUM_FACT	FFACT	CONCEPTO	PARTIDA	NUM_OPER	IMP_BASE	IVE_DED	IVE_NON_DED	TOTAL
	GALICIA RADIO SLU_B15054 414			SEMANA SAN FROILAN; OCT-1, 2, 3, 5, 6, 7, 8, 9, 10, 12; Radio Voz; Ribadeo; CUÑA BASICA ; 30 SEG;-C. LUGO-SEMAN		93				
84397	VOZ DE GALICIA RADIO SLU_B15054 414	001489	31/10/2020	* C. LUGO-PROGRAMA ESPECIAL SAN FROILAN; OCT-8; Radio Voz; Lugo; Microespacio ; 1000 SEG;--	33801.22699	2021000197 93	400,00	0,00	84,00	484,00
84398	VOZ DE GALICIA RADIO SLU_B15054 414	001488	31/10/2020	* C. LUGO-PROGRAMA PREGON SAN FROILAN; OCT-4; Radio Voz; Radio Voz Regional; Microespacio ; 900 SEG;---	33801.22699	2021000197 93	600,00	0,00	126,00	726,00
84682	ASOCIACION MUSICAL VRASICA ROCK_G019 62265	2	14/11/2020	Concierto Vrásica - San Froilán '20 (12/10/2020)-	33801.22699	2021000197 93	1.000,00	0,00	210,00	1.210,00

TOTAL 23.379,55 0,00 4.909,72 28.289,27

DELIBERACIÓN

- LARA MÉNDEZ LÓPEZ: ... tal e como acordaramos na Xunta de Portavoces, procedemos ao seu debate conxunto, e debateremos o punto 8 e 9 e despois

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

faremos a votación por separado. Ten o turno a portavoz do Goberno, a concelleira de Gobernanza, a señora Alvarellos, 3 minutos.

- MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO: Moitas grazas, señora alcaldesa.

Elévase ao Pleno para ser recoñecidas extraxudicialmente neste caso 39 facturas, 13 que corresponden ao recoñecemento número 7 e 26 facturas correspondentes ao recoñecemento número 8, sendo que practicamente a totalidade destas facturas pertencen ao ano 2020. As razóns polas que estas facturas non foron tramitadas no seu exercicio correspondente poden resumirse en catro:

- Que a factura non se presentara polo provedor no concello no exercicio que corresponde. Neste caso atópanse practicamente a metade das facturas que hoxe traemos. O acreador coa súa demora na presentación da factura o que fai é provocar o retraso na tramitación axeitada. Quero poñer algún exemplo dos que temos aquí nos expedientes: por exemplo, o Servizo de Bombeiros, adquisición dunha cordaría por importe de 794 €; a data de factura é do 8 de xuño do 20, pero presentouse no concello no ano 21. Máis ilustrativo e do Servizo de Medio Ambiente, a ampliación da rede de abastecemento en As Samasas, son dúas certificacións. a 1 e a 2, por importe de, unha delas, 48.179 € e outra 8.264, que foron presentadas no Concello no ano 21, pero as datas da factura son do 10 de marzo do 20 e 14 de setembro do 20.

- Outra das razóns é que a factura, aínda que se presente no exercicio correspondente por parte do acreador, o servizo se retrase na súa asignación pola dificultade que ten na conformación. Neste caso atópanse practicamente todas as facturas de consumos e subministros.

- Pero tamén as facturas moitas veces incórrase en erros, incluíndose erroneamente nun circuíto de firma, polo que hai que redixilas ao servizo pertinente, impedindo así que se comece a tramitación, retrasando polo tanto o pago da factura.

- Pero tamén é un suposto recorrente moi común a devolución das facturas ao provedor por erros detectados nas mesmas. Moitas veces temos que asesorar incluso os propios acreadores e provedores.

Polo tanto, para solventar todos estes problemas e erros, estase levando un control e un seguimento da facturación como tarefa prioritaria a fin de que todas as facturas sexan pagadas aos nosos provedores o máis axiña posible. Para elo é fundamental non só o traballo dos nosos funcionarios e a propia concienciación, dado o

momento que estamos vivindo, senón tamén a coordinación que está levando a cabo a tesoureira municipal en toda a área tributaria de Tesouraría, que está xa mostrando os seus froitos.

Por certo, querería explicarlles o que é coordinar, porque parece que non se entende: coordinar é concentrar esforzos na xestión para conseguir o ben común, evitando diverxencias e duplicidades. Isto é o que estamos a facer, simplificar os procedementos e coordinar os diferentes servizos implicados e todas as nosas actuacións están presididas por esta máxima.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz de Cidadáns, a señora Louzao.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Moi bo día a todos e a todas.

A verdade é que que ben fala a señora Alvarellos, ata nos podería convencer vostede de que está a levar a cabo unha gran xestión económica, pero, mire, o que fai é buscar motivos para ilustrar a caótica xestión que existe neste Concello de Lugo, económica, porque hoxe por non variar presentan de novo dous novos recoñecementos extraxudiciais de crédito e máis de 28.000 € de facturas con reparo. Gustaríanos que nos dixese, señora Alvarellos, cando ten pensado este bigoberno poñer fin dunha vez por todas a estas irregularidades porque vostede asumiu este compromiso, de xeito reiterado ademais neste Pleno, pero, como podemos comprobar, seguen presentando facturas que non cumpren coa tramitación legal, coa tramitación legal, e que xa corresponden ao seu mandato. Porque a día de hoxe, e repetíndose desde hai meses, por exemplo, seguen aparecendo os pagos á empresa de seguridade, empresa que presta o seu servizo, por suposto sen contrato, e aínda nos dixo na última Comisión de Contas que o prego xa estaba avanzado; e mentres tanto seguen vostedes facendo propostas de gasto como o contrato menor, outra cousa que é unha absoluta irregularidade. Pero o problema é que as empresas presentan as facturas fóra de prazo, aí está o ilustrativo, verdade, señora Alvarellos?

E, mire, neste caso ademais quero facer novamente, poñer o acento sobre o informe de Intervención, porque, señora Alvarellos, debería reler con detemento este informe onde se lle explica o que está a facer de xeito irregular e o que non se debe facer. E parece que, como di o dito, e valga a redundancia, todo o malo se pega, porque sorprende que por parte do Bloque Nacionalista Galego, durante anos

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

tan crítico coa forma de proceder deste Goberno na xestión económica, pois agora cometa as mesmas ilegalidades. “Especial relevancia”, di o informe de Intervención, e leo de xeito textual, “adquiren as facturas tramitadas desde a Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua e Concello e Cidadanía pola celebración das actuacións culturais programadas durante o San Froilán nas que se advirte a existencia de contratos de tracto sucesivo que incorren nun fraccionamento do obxecto do contrato, facendo unha utilización abusiva da figura do contrato menor, eludindo procedementos de contratación que garantirían un maior fomento dos principios de concorrencia competitiva, publicidade, igualdade e non discriminación. Principios dos que, por certo, sempre que poden fan gala e que exigen aos demais, pero que vostedes, señores do Bloque, cando teñen ocasión e tocan poder non cumpren. Señor Arroxo, debería poñer tamén orde dentro do seu equipo e exixir, polo menos, que sigan a tramitación legal. E tamén, collendo exemplo dos seus socios de Goberno, aluden á situación de pandemia para tratar de xustificar a súa negligencia, que parece que está a resultar a escusa perfecta para eludir todas as responsabilidades.

Isto é o que hai, señora Alvarellos, e isto é o verdadeiramente ilustrativo, un bigoberno que non é capaz de regularizar unha situación caótica desde hai anos á que se une agora un socio de goberno que de portas para fóra fala de transparencia, rigorosidade e publicidade, pero cando lle toca xestionar pois parece que non se acorda de que a lei está para cumprirse, para exixila e para cumprila.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, e quenda agora para o portavoz do Partido Popular.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Moitas grazas, alcaldesa.

Pois ben, consta nos informes obrantes no expediente que a solicitante é administradora única dunha sociedade que ten por obxecto a realización de tarefas propias de enxeñería, que ten contratado diferentes traballos co Concello de Lugo neste eido, sen que se acredite sequera (direccións de obra ou coordinación de seguridade e saúde) que os mesmos teñan finalizado e sen que a simple afirmación de que o exercicio se vai desempeñar fóra do término municipal pareza suficiente cara ó aseguramento da imparcialidade que pretende garantir a norma sobre incompatibilidades, máxime tendo en conta a natureza do seu vínculo relacional con esta Administración (acumulación de trefas por prazo de 6 meses). Convén sinalar asimesmo que as retribucións a percibir se fixan con base na valoración de funcións que para o posto de traballo de enxeñeira se fixan na Relación de Postos de Traballo que entre os factores a valorar inclúe o de incompatibilidade.

5. En data 22 de abril de 2021 emite o Servizo de Enxeñería o seguinte informe a solicitude do Servizo de Persoal.

“Vista a providencia do Xefe de Servizo de Persoal, pola que solicita informe complementario en relación coa solicitude de compatibilidade da funcionaria María Trillo Abuin, relativo á participación do servizo de enxeñería nos contratos e na execución dos mesmos reflexados no informe de data 13/04/2021, infórmase:

Os dous contratos menores formalizados no ano 2020 con INEIN INGENIERÍA Y SOLUCIONES S.L. de redacción de proxectos de renovación da rede de

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

abastecemento, por un importe total de 8.228,00 €, impulsáronse e tramitáronse dende a ÁREA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL SOSTIBLE. A técnica municipal responsable da tramitación e seguemento da execución dos ditos contratos foi Marta Carballal Neira, que no momento de formalización e execución dos mesmos ocupaba o posto de Adxunta do Servizo de Enxeñería en comisión de Servizos (Acordo da Xunta de Goberno Local do 10.06.2020), estando adscrita á Área de Desenvolvemento Local Sostible e Área de Medio Rural e Deportes para a redacción de proxectos, memorias valoradas, direccións de obra e demais funcións propias da súa categoría profesional (Decreto número 19005847 do 12.07.2019).

Os dous contratos menores formalizados no mes de febreiro de 2019 con MARÍA TRILLO ABUIN de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde de varias obras de pavimentación, por un importe total de 10.461,00 €, impulsáronse e tramitáronse dende a Concellería de Infraestruturas-Servizo de Enxeñería. Os proxectos das citadas obras foron redactados por parte do Servizo de Enxeñería, impulsándose a licitación das obras dende este Servizo. O seguemento da execución dos contratos (tanto de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde como o contrato de execución de obras) recaeu asimesmo no Servizo de Enxeñería.

É canto procede informar pola técnica que subscribe.

A Adxunta de Servizo Marta Carballal Neira”

-Fundamentos de dereito

- Lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

Artigo 11.1. De acordo co disposto no artigo 1º,3, da presente Lei, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivese destinado.

Artigo 12.1. En todo caso, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei non poderá exercer as actividades seguintes: a) O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de Entidades ou particulares, nos asuntos en que estea a intervenir, interviñese nos dous últimos anos ou teña que intervenir por razón do posto público. Inclúense en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas a quen se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.

b) A pertenza a Consellos de Administración ou órganos reitores de Empresas ou Entidades privadas, sempre que a actividade das mesmas estea directamente relacionada coas que xestione o Departamento, Organismo ou Entidade en que preste os seus servizos o persoal afectado.

c) O desempeño, por si ou por persoa interposta, de cargos de todo orde en Empresas ou Sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministracións, arrendatarias ou administradoras de monopolios, ou con

participación ou aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica daquelas.

d) A participación superior ao 10 por 100 no capital das Empresas ou Sociedades a que se refire o parágrafo anterior. 2. As actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas só poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas nesta Lei como de prestación a tempo parcial.

Artigo 14. O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fose das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade. A resolución motivada recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade, que se ditará no prazo de dous meses, corresponde ao Ministerio da Presidencia, a proposta do Subsecretario do Departamento correspondente; ao órgano competente da Comunidade Autónoma ou ao Pleno da Corporación Local, previo informe, no seu caso, dos Directores dos Organismos, Entes e Empresas públicas. Os recoñecementos de compatibilidade non poderán modificar a xornada de traballo e horario do interesado e quedarán automaticamente sen efecto en caso de cambio de posto no sector público.

- Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes.

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

- Órgano competente para a autorización: A declaración de compatibilidade requerirá a declaración formal por parte do Pleno da Corporación, a teor do disposto no artigo 50.9 do RD 2586/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

-DT 9ª.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril de Emprego Público de Galicia:

2. En tanto non se produza a substitución do complemento específico mencionado no apartado anterior polo complemento de posto de traballo previsto por medio de lei, poderá recoñecerse, conforme ao disposto na normativa sobre incompatibilidades que resulte de aplicación, compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñe postos de traballo que comporten a percepción de complemento específico ou concepto equiparable, sempre que a súa contía non supere o trinta por cento da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade. No caso de que a contía de tal complemento supere o trinta por cento referido, poderá concederse a compatibilidade a condición de que a persoa interesada renuncie á percepción do complemento específico ou concepto equivalente.

María Trillo renuncia á cantidade do complemento específico que excede do 30% das retribucións básicas, excluídos os conceptos que ten a súa orixe na antigüidade, non renuncia á totalidade de complemento específico como esixe a anterior disposición.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

Segundo infórmes do Servizo de Enxeñería compróbase que existe unha relación directa entre as actividades desenvolvidas por INEIN INGENIERIA E SOLUCIONES S.L. sendo María Trillo Abuín administradora única, coas que xestiona ou servizo de Enxeñería no que presta os seus servizos a mesma como funcionaria interina, sen que a simple afirmación de que ou exercicio se vai desempeñar fóra do termo municipal pareza suficiente cara ó aseguramento dá imparcialidade que pretende garantir a norma sobre incompatibilidades.

Á súa vez segundo devanditos informes María Trillo Abuín e INEIN INGENIERIA E SOLUCIONES S.L no 2019 e no 2020 celebraron contratos co Concello de Lugo directamente relacionados co Servizo de Enxeñería

Examinado o expediente e tendo en conta o anterior propónse:

PRIMEIRO: Que polo Excmo. Concello Pleno denéguese a solicitude de compatibilidade a Dona María Trillo Abuín persoal funcionaria interina do Concello de Lugo non Servizo de Enxeñería como Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos ao exercicio de actividade privada como administradora única dá empresa INEIN INGENIERIA E SOLUCIONES S.L. na cal presta servizos profesionais estimando que non cumpre os requisitos para a súa concesión segundo a normativa vixente en base aos informes que figuran no expediente.

SEGUNDO: Dar traslado aos interesados, coa indicación de que contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer-lo recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

2.- DITAME FAVORABLE DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS E ORDINARIA DE ALCALDÍA E GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, emitido na sesión celebrada o día 26 de abril de 2021.

Ao non suscitarse debate, sométese a proposta directamente a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 15 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 10 do Grupo Municipal do Partido Popular.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta,
ACORDA:

PRIMEIRO.- Denegar a solicitude de compatibilidade a Dona María Trillo Abuín persoal funcionaria interina do Concello de Lugo no Servizo de Enxeñería como Enxeñeira de Camiños, Canais e Portos ao exercicio de actividade privada como administradora única dá empresa INEIN INGENIERIA E SOLUCIONES S.L. na cal presta servizos profesionais, estimando que non cumpre os requisitos para a súa concesión segundo a normativa vixente en base aos informes que figuran no expediente.

SEGUNDO.- Dar traslado aos interesados, coa indicación de que contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, de conformidade co previsto nos artigos 25 e 46 da Lei 29/1998 de 13 xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado desta Orde de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ó da notificación.

Igualmente poderá interpoñerse, nos termos dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo dun mes contado dende o día seguinte á recepción desta notificación. Contra a resolución expresa do recurso de reposición poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo no devandito prazo de dous meses.

URBANISMO

11/61 CRITERIO INTERPRETATIVO EN RELACIÓN COA RASANTE A TER EN CONTA NAS CONSTRUCIÓNS EN LADEIRA NOS PLANS PARCIAIS APROBADOS E INCORPORADOS AO PXOM (UZPIS).

A Alcadesa Presidenta sinala que, trala xuntanza cos voceiros dos grupos políticos municipais, efectuada na reunión extraordinaria mantida antes da celebración do Pleno, ADÍASE o presente asunto de cara a perfilar os criterios da redacción e así garantir a seguridade de quen puidera verse afectado.

PROPOSICIÓNS

12/62 PROPOSICIÓ DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 120/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ELABORAR UN PLAN DE IMPULSO PARA O BARRIO DA PONTE QUE INCLÚA UNHA ÁREA DE REHABILITACIÓN E RENOVACIÓN URBANA NO BARRIO DA PONTE.-

Vista a citada proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular no

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

Rexistro de Pleno o día 14 de abril de 2021, co número 120/2021, que foi ditaminada pola Comisión de Desenvolvemento Local Sostible, Medio Rural e Deportes do 26 de abril de 2021, do seguinte teor:

“O Grupo Municipal do Partido Popular propón impulsar unha área de rehabilitación e renovación urbana no barrio da Ponte para mellorar a súa imaxe e, sobre todo, devolverlle parte da vida que historicamente tivo e que nestes últimos anos esmorece polo contexto socioeconómico do barrio así como pola pasividade do concello.

Para a posta en marcha da citada área propoñemos que, ben a través dos técnicos do concello, de Evislusa ou ben ao través dun concurso de ideas, se elabore unha memoria para intervir neste barrio, de cara a incentivar e dar axudas que se traduzan na recuperación de vivendas e locais na Ponte, antes de que se convirta nunha zona de referencia para os okupas.

O citado ARRU debería ligarse a un Plan de Impulso do Barrio da Ponte así como da contorna do Miño, de xeito que permita completar o cinto verde con máis metros cadrados de zona verde en ambas marxes do río, recuperando instalacións municipais en desuso próximas ao Miño, como o caso da Fábrica da Luz; do mesmo xeito é mester mellorar a imaxe do barrio impulsando o mantemento viario, o transporte, o estacionamento, a limpeza, a seguridade... todo o preciso para que este histórico barrio lucense recupere o seu lustro

Un plan de impulso compensaría aos veciños da Ponte que viron como a peonalización da Ponte Vella, sen dar ningún tipo de alternativa ao acceso, nin ofrecer alternativas de interés que animase ao resto de lucenses non residentes a baixar A Ponte; provocou o peche de numerosos negocios, baixadas de ingresos na inmensa maioría e un progresivo proceso de despoboamento do barrio.

A enésima inxustiza que lle tocou sufrir A Ponte, foi quedar fóra da área de intervención dos fondos europeos Muramiñae o que supuxo unha nova discriminación, xa que uns fondos que se anunciaron como para unir o Miño coa cidade, lamentablemente deixaron de lado ao único barrio que está no entorno do Río.

Outra das eivas do Barrio da Ponte é a falta de estacionamento na contorna da Ponte Vella, para favorecer que os lucenses e turistas nos acheguemos aos negocios da zona. Non é fácil desfrutar das beiras do Miño, porque o acceso peonil pola Volta da Viña segue sendo perigoso, e tampouco se puxo en marcha a tan demandada zona de aparcamento nas inmediacións.

Dende o Concello tamén se debería colaborar decididamente na promoción dos valores culturais da Ponte, descoñecidos para moitos lucenses e, por suposto, para foráneos. Un exemplo é a Igrexa de San Lázaro que dende fai séculos funcionou como Santuario e ben merece ser dada a coñecer.

A intención de todas estas medidas é facer un barrio interesante polo seu aspecto, para o desfrute de lucenses e foráneos, que atraia poboación con intención de poñer en marcha negocios e de residir nel, recuperando deste xeito o seu tecido económico e as vivendas do entorno.

Poucos barrios existen en Lugo que teñan unha situación tan privilexiada a carón do Miño, con zonas verdes, etc. pero á súa vez, poucos barrios hai que estean tan olvidados.

Por todo elo o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

1. Que se elabore un Plan de impulso do Barrio de A Ponte e da contorna do Miño: mellorando o mantemento viario, o transporte, a limpeza, a sinalización, a seguridade no barrio. Do mesmo xeito buscar un uso ás instalacións municipais como a Fábrica da Luz e ampliar as zonas verdes no entorno do Miño.

2. Poñer en valor o Camiño Primitivo ao seu paso polo barrio da Ponte e os lugares de interese dos que dispón como o Santuario ou Igrexa de San Lázaro.

3. Que se elabore un estudo para optar á declaración de ARRU para o barrio da Ponte de cara a optar aos Plans Estatais de Vivenda, e subvencionar a rehabilitación de vivendas e locais.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** 3 minutos para o portavoz do Partido Popular, do grupo propoñente.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Gracias, alcaldesa.

Agradecer esa rectificación de la propuesta de la Concejalía de Urbanismo de dejarla encima de la mesa porque, efectivamente, es bueno pulir ese artículo y sobre todo tener en cuenta, como no se tuvo, al Colegio de Arquitectos, a la Asociación de Empresarios de la Construcción, a aparejadores y al sector en

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

general a los que no se les consultó. Agradecemos desde el Partido Popular esa postura en este caso de rectificar y de mejorar ese texto.

Desde el Partido Popular también tenemos que decir, parece que la alcaldesa no quedó a gusto con la intervención de la señora Alvarellos, que tuvo que pulir íntegramente su intervención y defender el nombramiento de un habilitado nacional para el área de Urbanismo. Parece que en la práctica denota además poco interés o poca confianza no solo en los jefes de servicio nombrados, sino también en el propio concejal.

Hecha esta puntualización, quería la concejal Alvarellos que presentásemos propuestas constructivas. Esta que traemos ahora a Pleno es una de ellas. Aguardo que sean también igual de constructivos ustedes a la hora de la votación, de hecho espero contar con unanimidad de todo este Pleno y además con los votos a favor, como no puede ser de otra manera, de PSOE y de BNG por una propuesta que lo único que busca es mejorar la vida y mejorar el entorno del barrio del Puente. Por eso hoy necesitan los vecinos del barrio del Puente que lleguemos a un acuerdo.

Necesitan un plan de impulso del barrio del Puente en el que se desarrolle un área de rehabilitación del barrio que pueda mejorar la calidad de sus viviendas, que pueda desarrollar y mejorar la imagen del barrio, y asentar y captar población para el barrio y captar negocios. Proyectos similares a los que ya se hicieron en Lugo, como puede ser en el casco histórico, como puede ser en el barrio del Sagrado Corazón, y que funcionaron además de forma adecuada. Por eso desde el Partido Popular proponemos que se lleve a cabo, como digo, el estudio de poder desarrollar un plan de impulso y un plan de rehabilitación del barrio del Puente con ayudas en incentivos desde el Ayuntamiento y desde otras administraciones a la rehabilitación de viviendas para captar, como digo, esa población tan necesaria. Recuperación de edificios porque ese barrio lo primero que necesita no es construir nuevos edificios sino arreglar, mantener y rehabilitar los que ya tienen para asentar esa población.

Necesitan, además, mejorar las zonas verdes que hay en el entorno; necesitan un impulso claro de las zonas verdes. Todas las zonas verdes que hay tanto de en el río Miño como en el río Rato fueron hechas en gobiernos del Partido Popular, en el Ayuntamiento y en la Diputación, ni un solo metro cuadrado más se ha hecho durante estos años salvo mantener, y no mantener demasiado bien, hay que reconocerlo, lo que ya habían dejado hecho gobiernos del Partido Popular.

¿Qué proponemos desde el Partido Popular? Seguir ampliando las zonas verdes en el entorno del Miño; una ruta de 21 km a lo largo de las dos orillas del río Miño para poder hacer un anillo, como digo, de 21 km y además poner en valor las instalaciones que están cerradas y que están abandonadas en el Ayuntamiento, como puede ser la Fábrica de la Luz.

Proponemos, además, que se mejoren los aparcamientos en el entorno del barrio del Puente, en concreto en la zona del Paseo del Miño porque, efectivamente, cada día que hace buen tiempo hay un colapso de vehículos en este punto, hay parcelas municipales hay terrenos que se pueden adquirir y hay lugares donde habilitar ese aparcamiento tan necesario.

Proponemos desde el Partido Popular impulsar el Camino Primitivo, impulsar el santuario que están poniendo en valor los vecinos del barrio y las asociaciones del barrio e incluso...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, finalizou o seu tempo. Quenda agora para Ciudadáns.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Buenos días, muchas gracias.

Desde este grupo municipal siempre hemos defendido el gran valor del entorno natural de Lugo y el encaje que este debe tener con nuestro trazado urbano. Sin duda el emblemático barrio de A Ponte se encuentra en una situación privilegiada, al lado del río Miño, rodeado de un entorno natural envidiable y, si eso fuera poco, discurre por él el Camino de Santiago. Estas características deberían ser suficientes para que este barrio tenga una importancia capital y que el desarrollo e inversión de nuestra ciudad sin embargo en muchos aspectos se encuentra actualmente abandonado y sin un plan concreto que garantice un futuro viable y próspero.

El hecho de conseguir que el barrio de A Ponte sea declarado área de regeneración y renovación urbana supondría un gran acicate a esta legítima expectativa y contribuiría sin duda a darle vida, nunca mejor dicho, y a una recuperación social.

Todos coincidiremos en una imagen desoladora de muchas de las casas de este barrio, pero al tiempo dejan ver también su gran potencial, construcciones de una o dos alturas de piedra y estilo tradicional que, si fueran debidamente rehabilitadas, podrían convertirse en un auténtico referente.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

Igualmente, la recuperación del entorno del río Miño a su paso por este barrio supondría un paso muy importante para materializar la tan ansiada y real conexión de la ciudad con el río Miño, que supondría no solo para este barrio sino para toda la ciudad la creación de oportunidades, por ejemplo, recreativas para que vecinos y visitantes que sin duda cada día irían en aumento.

Y hablando de visitantes pero también de patrimonio no podemos olvidar el Camino de Santiago a su paso por el barrio de A Ponte, una fuente de riqueza impresionante que muchas ciudades y pueblos están sabiendo aprovechar, pero que en Lugo no acaba de despegar. Este barrio debería suponer la auténtica referencia en el Camino de Santiago a su paso por nuestra ciudad, y su puesta en valor debe ser una auténtica prioridad para el Gobierno local, ya que con ello no solo ayudamos al barrio, sino que pondríamos a Lugo en el mapa como referente en el Camino de Santiago, ese debería ser el camino. Por eso solo podemos concluir que después de décadas de olvido es preciso devolver a este barrio el lugar que se merece dentro de la ciudad. Ya no quedan excusas para no trabajar en la mejora socioambiental, cultural y patrimonial de una manera decidida, comprometida con las normativas europeas y propia de ciudades que miran al futuro con esperanza.

Nada más y muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois por parte do Goberno, o concelleiro Álvaro Santos ten a palabra, 3 minutos.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** O 8 de marzo ás sete da tarde a alcaldesa de Lugo ten unha reunión con veciños do barrio da Ponte para compartir con eles as súas inquietudes e para transmitirles o interese do Goberno local en promover o impulso e recuperación dun barrio valioso e con tantas potencialidades.

Alcaldesa e veciños quedan emprazados a volver a reunirse máis adiante para avanzar na concreción de ideas, algo que se ve dilatado pola coretena da alcaldesa cun comprensible acúmulo de actividades que exixen de presenza física.

Unha vez que a alcaldesa recobra a axenda presencial, o Partido Popular renuncia a esta iniciativa por aquilo de a ver se parece que o impulsaron eles, non os cre ningún. Do 8 de marzo, que estivo alí a alcaldesa, ao 13 de abril, que anunciaron a proposta, vai máis dun mes. Ou lles anda algo lento o correo ou chegaron un mes e pico despois do Goberno municipal.

Non obstante, podemos entender deste debate como solemne cerimonia de benvida do Partido Popular ao que parece unha actitude construtiva sobre o barrio da Ponte, porque ata o de agora o máis reseñable da súa labor cos veciños dese barrio semella ter sido o de tratar de convencelos de que son o único barrio do mundo ao que prexudique estar nun enclave cun elemento patrimonial singular, a ponte romana, asentado sobre o trazado dun ben Patrimonio da Humanidade, o Camiño de Santiago.

Nós dámoslles a benvida e de boa gana porque cremos no barrio da Ponte, por iso somos capaces de miralo con perspectiva. O Partido Popular cuestiona o DUSI Muramiñae e calquera iniciativa que colmate a Unión entre o entramado urbano máis desenvolto e a zona do río sen darse conta, ou obviando maliciosamente, que se está creando precisamente o perímetro de permeabilidade do barrio da Ponte co resto da cidade que xenere fluxos e sinerxias sen os cales é máis complexa a recuperación e o estímulo deste espazo.

Compartirán comigo que é unha acción illada xeograficamente e, de non ser polo DUSI Muramiñae cando estea rematado, cunha barreira social, dotacional e cultural co resto da cidade, ofrece unha expectativa futura moito menor, por non dicir ridícula, que unha estratexia multiimpacto que aglutina oportunidades e concentra recursos.

Por iso, desde o Goberno, avanzamos consolidando a mellora dos espazos de dentro cara a fóra, nunha acción conxunta cunha colmatación en serie de espazos mellorados, e iso queremos facer co barrio da Ponte.

O ARRU é unha opción, pero non a única; e, sen descartala, non é a primeira opción que consideramos, e sorpréndenos que lla vendan como a panacea, comparándoa coa Tinería, porque supoño que non queren ter esperando os veciños do barrio da Ponte pola Xunta de Galicia polos seus tanto tempo como o barrio da Tinería. Por iso estamos barallando diferentes opcións, para non ofrecerlles aos veciños unha alternativa precipitada e oportunista, senón a mellor oportunidade para o barrio da Ponte porque os seus potenciais e o seu compromiso e a súa virtude para con esta cidade así o merecen e aí é onde está o Goberno unido.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, e quenda agora, segunda, para o grupo propoñente, para o Partido Popular.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Señor Santos, ustedes parece que cada vez que van a un barrio es un acontecimiento. Mire, nosotros antes de que fuese la alcaldesa al barrio ya habíamos estado en muchas ocasiones y después de que la alcaldesa se dignase aparecer por el barrio también fuimos en reiteradas ocasiones. Con lo cual, mire, no nos dé lecciones de conocer los barrios de Lugo, que los conocemos bastante mejor que cualquiera de ustedes porque además llevamos toda la vida en ellos.

Miren, llevan 22 años buscando y barajando alternativas para el barrio del Puente, pero nunca han encontrado ninguna; 22 años de Gobierno socialista dejando de lado al barrio del Puente. De hecho, ustedes son los responsables de adoptar las decisiones que sentenciaron al barrio del Puente, que dejaron sin tráfico, que dejaron sin paso de vehículos y que condenaron al cierre a numerosos locales de ese barrio, que además obligaron a muchos vecinos a irse de ese barrio, que hicieron y perjudicaron la vida de los vecinos del barrio durante años. Y hablo en este caso de la peatonalización del barrio del Puente Viejo que les habían comprometido y se habían comprometido, y en el proyecto iba que no iba a ser peatonal, y no hicieron nada para sobrellevar o para ayudar a atenuar las consecuencias de esa peatonalización.

Miren, una oportunidad perdida es el Plan Muramiñae del que ustedes acaban de hablar, un plan que en teoría es para unir al río con la ciudad y que casualmente dejan excluido del Plan Muramiñae al único barrio que está en el entorno del río Miño, y hablo del barrio del Puente, que está fuera de los planos del Muramiñae, está excluido. Los propios vecinos se quejan de ello, no es algo que nos inventemos desde el Partido Popular. Pero nuestro plan es algo mucho más amplio que el ARRU, el ARRU es una...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, quenda agora para o portavoz de Cidadáns, minuto e medio.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias.

Nosotros desde nuestro grupo municipal creemos que el movimiento se demuestra andando y, si efectivamente lo que se quiere es trabajar en pro de este barrio, este es un buen punto de partida, porque cierto es que lleva años y años abandonado, y si alguna facultad o alguna cosa faltara en esta propuesta, se podía haber hecho la oportuna enmienda para empezar a trabajar. Pero, al final, si nos fijamos en la

propuesta, la propuesta habla de un plan para el barrio del Puente, es decir un plan particular, específico. No podemos estar más de acuerdo, creo que todos estamos o coincidiremos en que el barrio está absolutamente abandonado a día de hoy, un poco lo que decía antes, solo hay que pasar por ese barrio para darse cuenta de que muchas de las casas, aunque tengan un valor patrimonial importante, se están cayendo. Está claro que los negocios allí no van a más, todo lo contrario, no es una zona especial en la que la gente quiera invertir desde un punto de vista empresarial, por lo que elaborar un plan específico para recuperarlo entendemos que está bien. Recuperar el entorno del Miño con este barrio, ¿quién puede estar en contra de esto? Es que, en realidad, es lo que se debería hacer y ya no solo con este barrio, con toda la ciudad. Y, sobre todo, que nosotros sí le damos mucha importancia y lo decíamos en la intervención anterior, todo lo que tenga que ver con el Camino de Santiago es importantísimo, es una fuente de riqueza a la que no podemos renunciar; y ahora mismo el hecho de que pueda pasar por allí es una oportunidad para el barrio de A Ponte que no se puede despreciar y que entendemos se debe trabajar para que sea una referencia y que económicamente...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas; e quenda agora para o concelleiro de sustentabilidade urbana, o señor Santos.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Como dicía, o ARRU é unha ferramenta, pero non a única. Dende o Goberno municipal cremos que unha acción illada no espazo e no tempo, como propón o Partido Popular, non é a mellor alternativa para o barrio da Ponte. O que se promova nel, que evidentemente exige a rehabilitación de inmobles e a mellora e dotación de espazos públicos, debe servir de estímulo para que no barrio se revirta a dinámica actual, se xere estímulo para que no barrio se revirta a dinámica actual, insisto; se xere actividade, interese habitacional en torno a ela, demanda de servizos; en fin, que gañe autonomía e que evite unha nova degradación.

Por iso dende o Goberno de Lara Méndez traballamos en desenvolver alí unha alternativa con máis e mellores instrumentos e incentivos para os propietarios, así como o maior de inmediatez que os que ofrece un ARRU. Esperamos que ese día vostedes non se teñan marchado xa da vontade construtiva que compartimos sobre o barrio da Ponte e na que hoxe o recibimos. Mentres pídolles dúas cousas: que nos aclaren se os okupas son xente que gusta de vivir en vivendas inhabitadas e

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

por iso irían ao barrio da Ponte, ou se os okupas son xente que quere vivir a corpo de rei en casas de luxo e por iso irían ao barrio da Ponte.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois última quenda para o portavoz do Partido Popular, 30 segundos.

- **ANTONIO AMEIJIDE OSORIO:** Señor Santos, nos piden ser constructivos, lo somos y lo estamos demostrando, les pedimos reciprocidad, sean ustedes constructivos y voten a favor de lo que les presentamos en este acuerdo: mantenimiento en el barrio del Puente, mejorar las viviendas para poder asentar población y captar empleo, y poner en valor el patrimonio histórico y el Camino Primitivo en el barrio. Esto es lo que proponemos, es un plan abierto a ampliaciones. Y no los dejen otros 22 años tirados como llevan con gobiernos del PSOE y del BNG. Les pedimos, por favor, les imploramos que voten a favor de los vecinos del barrio.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Bueno, a min alégrame moito que agora todo o mundo se sume á Estratexia Muramiñae e a poña en valor e que diga que é moi importante, pero acordo aquel ano 2015 onde se falaba doutros lugar de actuación por parte do Partido Popular para a Estratexia Muramiñae e non todo o entorno que se escolleu, que precisamente o que pretende é poñer en valor o Miño como elemento vertebrador, como un elemento integrado na cidade e, polo tanto, que integre tamén as dúas bandas do río e que integre polo tanto o barrio da Ponte. Hai que ir empezando para poñer en mellora todo isto e os dous primeiros puntos xa o estamos a facer e xa se está a traballar nese eido, e o terceiro, tal e como lle dixo o portavoz do Goberno, estanse estudando outras alternativas que entendemos, polas condicións e situación do barrio, que serían máis efectivas e que serían máis importantes para seguir apostando por Lugo e, polo tanto, polo barrio da Ponte. Imos proceder a votar a proposta do Partido Popular.

13/63 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO PARTIDO PsdeG-PSOE, NÚMERO 127/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA RECLAMAR Á XUNTA QUE CUMpra A SÚA PROMESA DE FINALIZAR A ROLDA LESTE.

Vista a citada proposición presentada polo Grupo Municipal PsdeG-PSOE no Rexistro de Pleno o día 19 de abril de 2021, co número 127/2021, que foi

ditaminada pola Comisión de Desenvolvemento Local Sostible, Medio Rural e Deportes, do 26 de abril de 2021, e cuxo texto é do seguinte teor:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha vez máis, o Grupo Municipal dos Socialistas de Lugo está na obriga de instar á Xunta de Galicia e ao Goberno de Alberto Núñez Feijóo a que cumpra o compromiso adquirido cos e coas lucenses para que comecen canto antes as obras da segunda fase da Rolda Leste, que unirá a estrada da Fonsagrada e a Tolda de Castela. Execución da que, a pesar dos reiterados anuncios durante 15 anos, aínda se descoñece o proxecto.

A información máis recente foi un novo anuncio de Feijóo sinalando que axiña se poría en marcha a redacción do proxecto construtivo da Rolda, pero temos que lembrar que en decembro de 2018, en precampaña electoral para as municipais e só co fin de vender unha foto, a Xunta comprometeuse a abrir a exposición pública o proxecto e a poñer en marcha as expropiacións oportunas co fin de poder incluír nos orzamentos de 2020 unha partida de 22 millóns de euros, que era o custo desta infraestrutura estimado entón polo executivo galego.

No 2019, a preguntas do noso compañeiro Luís Álvarez no Parlamento de Galicia despois de aprobar unha nova moción neste mesmo pleno municipal para urxir as obras, a conselleira Ethel Vázquez prometeu que se licitaría a principios do 2020.

Estamos no 2021 e nada moveuse desde entón. Só palabras e fume.

A execución deste acceso é imprescindible para desconxestionar o tráfico en determinados puntos do casco urbano e periurbano como son a Avenida das Fontiñas e a estrada do Rato, que soportan na actualidade unha elevada intensidade circulatoria. Unha realidade que, no caso desta última vía, chegou a quintuplicarse dende a posta en servizo do HULA. Non podemos esquecer que este centro sanitario é o hospital de referencia da provincia, polo que este viario é imprescindible para regular os fluxos de circulación do municipio, deixando toda a parte norte e leste comunicada por vías seguras e de alta capacidade.

A finalización da última fase da Rolda Leste é unha das tantas promesas que o Goberno de Feijóo foi incumprindo, unha obra que paralizou o seu goberno na Xunta no ano 2009, cando relegaron no caixón do esquecemento a licitación posta en marcha polo presidente Touriño no bipartito.

Dende aquela, só volven lembrar os seus compromisos coa veciñanza lucense nas campañas electorais.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista somete a debate e posterior aprobación o seguinte acordo:

Instar á Xunta de Galicia a que desbloquee a Rolda Leste, que suma reiterados e inxustificables retrasos, e a que fixe uns prazos reais para a redacción do proxecto, así como para a súa execución.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 23 dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Votos en contra:** 0
- **Abstencións:** 2 do Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo.

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría absoluta,
ACORDA:

Instar á Xunta de Galicia a que desbloquee a Rolda Leste, que suma reiterados e inxustificadas retrasos, e a que fixe uns prazos reais para a redacción do proxecto, así como para a súa execución.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** 3 minutos para o portavoz do Partido Socialista, o señor Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Moitas grazas, señora alcaldesa, e moi bo día a todos e a todas.

Dende a Administración local temos a obriga de poñer en marcha e de impulsar todas aquelas iniciativas ou todos aqueles servizos demandados pola veciñanza que son da nosa competencia, pero tamén de reivindicar todos aqueles outros que, sendo competencia doutra Administración, se consideren necesarios para a cidade). E este é o caso da Ronda Leste, da que imos falar, imprescindible para regular o fluxo de circulación na cidade e desconxestionar o tráfico tanto en determinados puntos, especialmente na avenida das Fontiñas e sobre todo na estrada do Rato, vial que viu quintuplicado o paso de vehículos desde a apertura do HULA, hai xa 10 anos, e polo que circulan diariamente máis de 5.000 vehículos, incluso superando a densidade de tráfico dalgunhas estradas nacionais da nosa comunidade.

Trátase, por outra banda, dunha desas débedas históricas da Xunta de Galicia con Lugo, insistentemente prometida e reiteradamente incumprida. Miren, no 2018 o presidente Feijóo, daquela en campaña electoral, comprometérase a abrir á

exposición pública o proxecto, poñer en marcha as necesarias expropiacións e incluír nos orzamentos unha partida de 22 millóns de euros. No 2019 a conselleira Ethel Vázquez, a preguntas do Partido Socialista, prometera no Parlamento de Galicia a licitación para principios do ano 2020; e nese mesmo ano 19, o entón delegado territorial da Xunta de Galicia, o señor Balseiro, en xuntanza coa Federación de Veciños, reiterara o compromiso nese mesmo sentido.

Superado o primeiro trimestre deste ano, seguimos agardando, a pesar da demanda insistente dos veciños de Lugo, e non só de Lugo senón doutros municipios, de que o bipartito lles tiña deixado moi avanzado o proceso de licitación cando o Partido Popular accedeu á Xunta de Galicia e de que a propia alcaldesa lle trasladou reiteradamente ao presidente Feijóo a urxencia de acometer esta infraestrutura. Por iso, en aras do interese xeral de defender a cidade e de garantir a mobilidade e a seguridade de tráfico para todos, traemos esta proposición, pedimos apoio dos grupos para instar novamente a Xunta de Galicia a que de forma urxente licite e comece as obras deses 2,8 quilómetros dunha infraestrutura que é absolutamente vital e absolutamente necesaria para a cidade de Lugo.

Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz de Cidadáns.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias.

La Ronda Leste supone una infraestructura que reviste una gran importancia para la capital y su entorno porque, junto con la Sección Norte y la Nacional VI, cerrará un anillo que será el gran distribuidor del tráfico en nuestra capital. Además, sin duda constituye una necesidad, entre otros, para los residentes de Guntín, Palas de Rei, Chantada, Monforte, Sarria, Pedrafita y Navia de Suarna, que tienen que acudir al HULA. Es cierto también que esta pretensión viene de lejos y que los medios de comunicación vienen haciéndose eco de la construcción de esta nueva infraestructura pero nunca llega a materializarse, pero también cierto que la información que nos va llegando acerca de este proyecto no es todo lo positiva que se podría esperar, porque, aun reiterando la importancia de esta futura vía, creo que debemos pararnos a analizar la ejecución del mismo y su posible impacto en nuestro tan importante patrimonio natural.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

Este segundo tramo de la Ronda Este conectará con la glorieta de la intersección con la Nacional 530 Lugo-A Fonsagrada, con la ronda de A Tolda. Este trazado entendemos no es el más adecuado y podría suponer cierto aislamiento de núcleos por la ruptura abrupta de muchas otras vías de comunicación comarcales que se verían afectadas, al igual que muchos otros caminos de gran valor patrimonial. También estarían en juego los muros de piedra centenarios y, lo más grave, la tala de *carballeiras* y *soutos* que conforman un auténtico anillo verde de la ciudad que entendemos debe ser preservado. No tendría sentido no defender esto después de lo expuesto en la proposición anterior.

Preservar la diversidad en el entorno periurbano, adoptando políticas activas para preservar la fauna y la flora, no debería ser incompatible con la creación de esta vía tan necesaria para Lugo. Por lo que creemos que el peso de los técnicos medioambientales se debe tener en cuenta y no verse mermado por ambiciones políticas y los intereses económicos o especulativos. En consecuencia, proponemos una enmienda *in vocede* de engádega en la que se añada que la redacción del proyecto incluya, entre otras cosas, cambiar el trazado de la Ronda Leste llevándolo hasta la rotonda de la Nacional VI situada en Conturiz.

Nada más y muchas gracias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas; e quenda agora para o portavoz do BNG, o señor Arroxo.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Ola, moi bo día e moitas grazas.

O certo é que a Ronda Leste é destas cousas das que se fala cada pouco, e fálase cada pouco porque levamos 12 anos nos que non se fixo absolutamente nada, practicamente non temos nin iso que lle chaman a primeira pedra. E isto súmase a estes incumprimentos que ten a Xunta con Lugo durante estes máis de 12 anos.

Poderíamos falar de como se tardou nove anos dende que se pechou a residencia a que chegara a primeira piqueta alí a facer os derribos correspondentes; como se estivo a marear co que é o Cuartel de San Fernando; e xa non falemos da situación na que está o barrio da Tinería nestes 12 anos, de parálise absoluta.

Pero eu estou convencido de que isto non é culpa do Goberno da Xunta, estou totalmente convencido; estou convencido de que, como di Antonio Meijide, a culpa é do chachachá, e por iso non se está a realizar nada disto, e por iso seguimos con esta situación que ten Lugo a día de hoxe.

Mirade, a Xunta no ano 2020 gastou máis en pancartas que poñían “A Xunta con Lugo” que na Ronda Leste, que seguro que é unha xestión marabillosa de cara a un proceso electoral, non digo que non. Agora, para cumprir coas necesidades de Lugo, dáme que igual era mellor gastar eses cartos noutra cousa, seguramente sería máis positivo.

Pero é que ademais é bastante curioso, porque mentres o Partido Popular exige, oe, paréceme moi ben que exixa, eh, que as cousas que faga aí o Concello que as faga de forma inmediata, que se tardan unha semana máis xa é un drama; pois as cousas que fai o Goberno da Xunta poden estar 12 anos aí metidas nun caixón que aquí non pasa nada, e non pasa nada porque non é culpa do Goberno da Xunta, é culpa do chachachá.

Bueno, non sei xa a de veces que temos falado neste Pleno dos incumprimentos que ten a Xunta. Eu enumerei catro deles, pero poderíamos falar de moitísimos máis, e o certo é que o que se precisa dunha vez é ter unha folla de ruta de compromisos serios con Lugo, unha folla de ruta por parte do Goberno galego que marque claramente prazos para facer estas cousas, xa sexa Ronda Leste ou xa sexa calquera dos outros proxectos, porque todo o demais é fume e será moi interesante para o Partido Popular xusto antes dunhas eleccións, non digo que non, pero para a cidade de Lugo seguirá sendo o mesmo problema.

Moitas grazas.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas; e quenda agora para a portavoz do Partido Popular.

- **MANUEL RAFAEL PÉREZ PRADOS:** Ola, bos días. Moitas grazas, señora alcaldesa.

Penso que o mellor para poder defender esta proposta, ou máis ben para desmontar a intención do Grupo Socialista, vexo que apoiado tamén polo BNG, é facer un pouco de historia e explicar ben a Ronda Leste, porque creo que non traen absolutamente os datos feitos nin o traballo feito, pero voullo facer eu.

O obxectivo desta estrada é a circunvalación de Lugo polo leste, como ben di o seu nome. A súa execución dividiuse en dous treitos. O primeiro dos treitos xa está executado e os traballos remataron en 2009, como xa saben. Comprende a zona que vai entre o cruce da estrada Nacional 640 a Ribadeo e a estrada LU-530 á Fonsagrada, intervención que contou cun investimento de 8.153.564 euros.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

O segundo dos treitos ten proxecto de construción que foi aprobado en xullo de 2011, pero o cambio de normativa obrigou á actualización do proxecto e a volver a tramitar o impacto ambiental. Este segundo treito comprende o tramo entre a estrada da Fonsagrada e a Tolda de Castela, que conectaría a LU-530 coa Nacional VI. Terá unha lonxitude de 2,84 quilómetros. O viario proxéctase con sección tipo de autovía, como o treito precedente, e velocidade de 100 km/h. Contará con tres pasos superiores e dous pasos inferiores, máis dous viadutos, que suman 322 m. O orzamento desta obra, incluíndo expropiacións e servizos afectados, ascende a 22,89 millóns de euros.

Agora a todos vostedes lles vou a dar unha boa noticia, voulles dar un dato que seguro que lles vai interesar: a previsión é licitar neste mes de maio o novo proxecto do treito segundo, que suporá un investimento de 200.000 €, o proxecto. Cómpre sinalar que, aínda que a Xunta ten este viario como unha prioridade, é necesario destacar que nos últimos anos se completou a vía de alta capacidade Sarria-Monforte, cun orzamento de 135,03 millóns de euros e, de acordo co comprometido no seu momento, estase a acometer a primeira fase de conversión en autovía. Trátase do treito entre o enlace de Pobra de San Xiao ao enlace de Sarria centro, que suporá un investimento de máis de 25 millóns de euros.

Semella que os señores do Partido Socialista queren poñer o foco na Ronda Leste para desviar a atención daquelas infraestruturas que si está a desenvolver ou a executar a Xunta pero non demandan vostedes nada para aquelas que ralentiza o Goberno central, como pode ser a A-54, que directamente paralizada; a A-56, que dificultan desde Madrid; o Plan Paradai, que retrasan; a Intermodal, que reduce prestacións e investimento; por exemplo tamén o AVE.

E non quixera rematar a miña primeira intervención sen facerlles outro apunte: semella, a teor do texto que presentan nesta moción, que o señor Touriño iniciara a licitación deste treito restante da Ronda Leste, pero non é certo. De feito, era imposible, porque non contaba cun proxecto de construción que o permitira. Foi o Goberno de Feijóo o que licitou a redacción do proxecto no seu día, pero foi imposible licitar a execución das obras nos anos da crise económica nos que a Xunta de Galicia tivo que sostener...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas; e quenda agora para o portavoz do Partido Socialista, o propoñente da proposta, minuto e medio.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Si, pois moitas grazas.

Di o señor portavoz do Partido Popular que tratamos de desviar o foco de atención para outros temas e fainos un relatorio das actuacións da Xunta de Galicia en non sei cantos municipios da provincia de Lugo. Nós alegrámonos de que, efectivamente, vaia ser unha realidade polo que din, non temos porque non aceptalo e desde logo que nos alegra de que se vaia licitar este mes de maio un novo plan, pero non é sen tempo, levamos 12 anos agardando e tamén me sorprende moito que tardasen máis de 10 anos en ser coñecedores de que era necesario un estudo de impacto ambiental.

E, mire, todo iso que nos di gustaríanos velo explicado e recollido no DOG, porque de promesas, en relación a esta infraestrutura, levamos moitos anos agardando, verdade? Mire, no 2011, o entón portavoz do Grupo Popular, o señor Castiñeira, dicía textualmente que, efectivamente, é unha proposta sensata e por iso imos votar a favor porque nosoutros tamén consideramos que a Ronda Leste é unha prioridade, e estamos convencidos de que a Xunta lle vai dar esa prioridade e teño informacións polas que lle podo dicir que está o proxecto redactado, que está en supervisión, e unha vez que pase ese proxecto...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, finalizou o seu tempo. Quenda agora para o portavoz de Cidadáns, minuto e medio.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias.

Pues una vez más estamos asistiendo a la clásica discusión de quién es el peor o de quién es el mejor. Al final son reproches que pueden ir en ambos sentidos; al Gobierno municipal se le puede criticar porque también existen retrasos en contratos importantes, existen retrasos en infraestructuras importantes. Sin duda esta infraestructura también sufre un retraso importante y claramente es una competencia de la Xunta de Galicia, por más que pueda tener ciertas explicaciones, entiendo que el tiempo que ha pasado hasta ahora es más que suficiente para realizar una infraestructura de este tipo.

Pero en todo caso, sí sorprende que el portavoz del Partido Socialista ni siquiera se haya pronunciado acerca de nuestra enmienda y que tampoco ninguno de los dos portavoces haya hablado del impacto real y de la ejecución real de este proyecto. Entiendo que además de la discusión que se tenga para ver quién es mejor o quién es peor, alguien estará preocupado por si esta vía va a crear un impacto ambiental

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

irrecuperable, por si realmente se van a aislar núcleos rurales, por si va a haber que cortar hectáreas y hectáreas de arbolado. Es decir, yo entiendo que esta debe ser la preocupación, por supuesto, que se lleve a cabo, pero también el cómo. Esa es nuestra mayor preocupación, siempre apoyaremos este tipo de propuestas en positivo, pero en este caso con la enmienda *in voce* de engádega que...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Finalizou o seu tempo. Quenda agora para o portavoz do BNG, o señor Arroxó.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Renuncio á quenda.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois quenda entón para o portavoz do Partido Popular.

- **MANUEL RAFAEL PÉREZ PRADOS:** Si, moitas grazas. Os datos son os datos e pesan moito, aínda que a vostedes lles molesten. Xa lles anticipo que imos votar a favor desta moción.

O Goberno de Feijóo investiu só na vía de alta capacidade da Ronda Leste uns 200 millóns de euros, só na Ronda Leste van invertidos 31,2 millóns de euros. Cal é a realidade que vostedes poñen sobre a mesa? Ningunha. Como lle dixen antes, o único que poden facer é tentar desviar o tiro para ir contra as administracións que están a cumprir con Lugo, que lle teñen bastante ojeriza por certo ao tema da Xunta, repetitivamente, parece que é o seu único argumento. En moitas ocasións a Xunta está facendo esforzos tremendos, xa que nos últimos anos a situación económica non foi a mellor, e pese a iso o Goberno de Feijóo estivo aí para cumprir con Lugo.

E tranquilo, señor Miguel, porque nuns días verá vostede no DOG esta licitación do proxecto. E tamén hoxe o seu compañeiro Ábalos di que esteamos tranquilos polo tema de que queren cobrar polas autovías en España; entón, esa tranquilidade a min non me tranquiliza nada, a que eu lle propoño da Xunta de Galicia si debe tela en consideración.

E nada máis, simplemente dicir que agardamos a mesma dilixencia con vostedes para que lle reclamen ao Goberno de Pedro Sánchez o tema da A-54, do Plan Paradai ou do desdoblamento e alumeado da Ronda Norte, algo imprescindible por seguridade e porque...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois última quenda para o grupo propoñente, para o portavoz do Partido Socialista, 30 segundos.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Si, pois a nós a emenda parécenos extemporánea porque ese debate xa se deu no seu día. E o que non debiamos é dar argumentos á Xunta de Galicia para retrasar unha vez máis esta infraestrutura tan necesaria, como, por certo, fixo o grupo Ciudadanos en relación ao Cuartel de San Fernando.

Nada máis, agradecer o apoio dos grupos e agardar que desta vez si comece a ser unha realidade esa necesaria Ronda Leste.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois procedemos entón á votación da mesma.

14/64 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 128/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA O FOMENTO DA RECICLAXE.

Vista a devandita proposición do Grupo Municipal Ciudadanos Lugo, que foi asentada no Rexistro de Pleno co número 128/2021, e ditaminada pola Comisión de Desenvolvemento Local Sostible e Medio Rural e Deportes do 26 de abril de 2021, do seguinte teor:

“Exposición de motivos:

Os beneficios que a reciclaxe xera son numerosos a nivel medioambiental; entre eles, o aforro de enerxía, o uso de menos materias primas, a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, e tamén favorece o desenvolvemento económico e social pola creación de emprego e de tecido industrial que leva aparelado. Poucas actividades tan simples producen consecuencias tan positivas para o noso entorno.

Non hai sociedade nin economía viable sen o respecto e o coidado do medio ambiente, polo que o papel activo das administracións locais é primordial. Un dos grandes obxectivos da economía circular é reducir ao máximo a xeración de residuos, o que implica modificar os hábitos e os comportamentos dos cidadáns. Os concellos deben investir esforzos en reducir o volume de residuos no seu entorno inmediato, contribuíndo así a protección da biodiversidade. Aspecto tamén fundamental para cumprir coa estratexia xeral europea.

A Directiva Europea 2008/98/CE sobre residuos establece unhas porcentaxes de reciclaxe de residuos sólidos urbanos de un 50% no 2020 ata acadar o 65% no 2035. O derradeiro dato oficial dispoñible para España segundo a

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

Oficina Europea de Estatística acerca sitúa a taxa de reciclaxe e reutilización dos residuos municipais do país no 34,7% en 2019, máis de 15 puntos por debaixo do obxectivo fixado para 2020 pola Unión Europea. Galicia é a terceira comunidade autónoma na que se recolleron menos cantidade de residuos per cápita, pero a reutilización dos que se xeran non chega ao 20%. No caso particular de Lugo, é a segunda cidade galega que menos recicla; a media galega está cerca dos 40 quilogramos por habitante, e na nosa cidade non se chega ao 30%. Polo que aínda estamos moi lonxe de acadar o esixido pola Unión Europea.

Segundo datos do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico, o 44% dos envases seguen sen chegar os vertedoiros, sobre todo, os das bebidas. E para o ano 2029, deberán recollese ao menos o 90% das botellas en circulación. Son moitas e variadas as iniciativas postas en marcha noutros países e tamén en cidades do noso país, coas que se amosa que incentivar por reciclar correctamente incrementa a porcentaxe de recuperación, obtendo niveis de reciclaxe moi por riba dos que temos na actualidade.

En España, baixo o Sistema Integrado de Xestión de Residuos ofrécese aos cidadáns a posibilidade de reciclar nos colectores destinados a papel, vidro, envases e orgánica. Aínda así, unha maneira complementaria implantada axudaría a crear conciencia nos cidadáns sobre a importancia do reciclaxe, do mesmo xeito que seguir fomentando desde as administracións locais campañas de sensibilización, sobre todo, entre os máis novos para impulsar un cambio nos hábitos de consumo.

Desde o grupo municipal de Ciudadanos, propoñemos a realización dun proxecto que incentive a recuperación de residuos e que paralelamente carrexe outros beneficios para os cidadáns. Existen múltiples exemplos que poderían ser perfectamente implantados na nosa cidade. Un sistema que sexa capaz de controlar as cantidades recicladas, sen dúbida, faría posible que se reciclara máis e mellor.

Trátase de apostar por un cambio de actitudes e conductas xeradoras de cadea de valor, conxugando o acto de reciclar co fomento de hábitos máis sostibles, e con outros beneficios económicos, sociais e medioambientais.

Un sistema de reciclaxe incentivado ben planificado e estudado axudaría de xeito considerable á diminución de residuos e a cumprir cos obxectivos propostos da recollida selectiva, colaborado positivamente co sector da xestión de residuos, obtendo así unhas mellores cifras na taxa de reciclaxe e tamén unha maior limpeza de rúas e espazos públicos. Onde se aplican estes sistemas obtéñense mellores datos de recuperación, triplicando a citada taxa. Así, apóstase pola economía circular reducindo o impacto medioambiental e avogando pola reutilización.

É importante destacar tamén que a normativa vixente establece a prioridade de reducir os residuos e, especialmente, os envases, que seguen incrementándose. A potencial da reciclaxe non explotado é enorme: máis da metade dos recursos existentes quedan soterrados sen ser aproveitados como materia prima para converterse en novos.

O noso grupo municipal considera imprescindible que sexan as administracións locais quen lideren e promovan iniciativas que traten de coidar e

protexer o noso entorno e noso medioambiente máis próximo como exemplo e contribución para o conxunto da cidadanía e tamén do país.

Tralo exposto anteriormente, o grupo municipal de Ciudadanos Lugo considera de interese municipal que o pleno da corporación acorde:

1. Proceder ao estudo da viabilidade da implantación dun sistema de reciclaxe por incentivos no noso municipio.
2. Poñer en marcha unha campaña de concienciación e sensibilización sobre os beneficios ambientais, económicos e sociais que xera unha correcta reciclaxe de residuos no eido local.”

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, pois ten 3 minutos o grupo propoñente, Ciudadáns.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Moitas grazas.

Hoxe en día en Europa son varios os países e rexións que adoptaron sistemas para incentivar a reciclaxe. A súa concienciación coa xestión responsable de residuos conleva que as súas taxas de reciclaxe de envases lixeiros e de latas estea situada ao redor do 98%. Segundo as cifras publicadas no Eurostat, en España reciclouse menos do 35% de todos os residuos urbanos, mentres máis da metade se descartou en vertedoiros. Esta cifra está moi lonxe do obxectivo europeo de reciclar a metade de todo o lixo xerado polos fogares e polas pequenas empresas.

E no caso particular de Lugo, é a segunda cidade de galega que menos recicla, non chegando aos 30 kg por habitante. Contamos na cidade con menos de 1.500 contedores para a reciclaxe de vidro, papel ou envases, e aínda non hai o chamado

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

quinto contedor, aínda que está contemplado e así previsto no novo contrato do lixo, e en breve será un medio máis para a separación de residuos. Pero, se se queren reverter estes datos, estamos convencidos que nisto concordamos todos os grupos municipais, é preciso buscar fórmulas alternativas que fomenten e incrementen estas taxas de reutilización e reciclado de residuos para tamén reducir o número de residuos plásticos e de metal que acaban chegando aos vertedoiros.

A implantación destes métodos máis innovadores de recollida selectiva de envases dun só uso promove non só a reutilización dun maior número de envases, senón tamén un aforro en cartos e enerxía na produción destes envases. O obxectivo, por suposto, ten que ser a ansiada meta de residuos cero.

Un sistema deste tipo é moi doado: o cliente deposita o envase nas máquinas e esa devolución incentívase con cartos, descontos, puntos acumulativos e incluso con incentivos sostibles para o medio ambiente ou a sociedade. Hai distintas fórmulas coas que se trata de seleccionar moito mellor os envases dun só uso premiando a quen recicla.

Este tipo de sistema xa está en moitos lugares da nosa xeografía. Desde o noso grupo propoñemos que se estude a posta en marcha dun destes sistemas, como poden ser as máquinas de *vending* inverso, sobre todo naqueles espazos onde o consumo deste tipo de envases dun só uso, como as botellas de plástico ou latas, é moi alto, porque deste xeito tamén se estará fomentando a concienciación sobre a importancia da reciclaxe destes envases que, como puidemos comprobar, verdade?, señor Fernández, de primeira man este sábado pasado é máis que necesario.

O obxectivo final é fomentar a economía circular na xestión de residuos. Valencia é unha das últimas cidades que mediante un convenio con Ecoembes puxo en marcha o proxecto piloto coa iniciativa RECICLOS, que dá recompensas para reciclar latas e botellas cunha aplicación web e co depósito deste tipo de envases no contedor amarelo.

A isto hai que unir ademais a posta en marcha de campañas de sensibilización entre a mocidade. Os quilos de residuos que se abandonan nos botellóns, por exemplo, sobre todo en latas e botellas, acaban danando o noso entorno natural e enchendo as nosas rúas de lixo. Falta conciencia e, sobre todo, falta respecto cara ao noso patrimonio.

De aí que desde o noso grupo municipal presentemos esta proposta construtiva para seguir avanzando nun compromiso dunha cidade sostible e comprometida co

cambio climático. Nunha cidade que camiñe cara a ese Vancouver do que nos fala acotío a señora alcaldesa Lara Méndez, que precisa de accións e iniciativas concretas que abunden na concienciación social e non só en palabras baleiras de contido.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas. Quenda agora para o voceiro do Goberno, 3 minutos.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Si, grazas de novo.

Reducir, reutilizar e reciclar son, como se sabe, os piares nos que se sustenta calquera política de desenvolvemento sostible na actualidade e coa que moitos de nós estaremos, seguro, de acordo.

Nós evidentemente apostamos pola reciclaxe porque sabemos dos múltiples beneficios que supón, con eses obxectivos irrenunciáveis de redución do consumo de materias primas, de redución da contaminación do aire ou da auga, de diminuír a emisión de gases con efecto invernadoiro e incluso as repercusións no desenvolvemento económico e na creación de emprego que ten. En Lugo xa se fai reciclaxe e faise mediante recollida nos contedores de vidro, de cartón e de envases a través de Sogama, como de todos é coñecido, igual que o resto das cidades: Santiago, Vigo, Pontevedra e A Coruña.

Nós queremos incrementalalo e queremos traballar nese sentido. Tanto é así que nos pregos de recollida de residuos sólidos urbanos, actualmente en tramitación, incorporamos a implantación dun sistema novidoso de apertura electrónica de contedores que están accionados a través da tarxeta Cidadá e que nos vai permitir personalizar a cantidade de residuos orgánicos depositados e posteriormente, previa modificación da ordenanza, a bonificación para os veciños e veciñas que o utilicen.

Trátase dun sistema de incentivos no que o cidadán ve recompensada directamente a súa colaboración. E a nós parécenos importante porque estamos convencidos de que o éxito de calquera iniciativa deste tipo vai depender de forma fundamental da implicación e o compromiso dos veciños.

E ademais somos ambiciosos. Vostedes propoñen un estudo e, ademais agradecemoslles ese ton construtivo da proposición, pero nós imos máis aló; nos propios pregos introducimos tamén a obrigatoriedade de poñer en marcha campañas de concienciación e de sensibilización, que se repetirán periodicamente

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

e que serán en todo caso completadas, se así se estima, por cantas accións ou medidas se considere desde o propio Concello.

Como así mesmo incorporamos puntos limpos móbiles, tanto para a cidade como para o rural, ademais de contedores de aceite, residuos téxtiles e eses contedores marróns para a compostaxe, que se irán introducindo progresivamente por toda a cidade e que nos vai converter nos primeiros en toda Galicia en acadar este tipo de solución. Por tanto, entendendo...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, finalizou a súa quenda, quenda agora para a portavoz do Partido Popular.

- **SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL:** Grazas, bo día.

Xa saben que me gusta ser clara e directa nas miñas intervencións deste Pleno e nesta ocasión non vai ser diferente. Pero, bueno, antes de nada comunicarlle a Cidadáns que este grupo está a favor da iniciativa presentada.

Dito isto, tamén lle hai que dicir a este Goberno local formado por PSOE e BNG que a situación xeral da limpeza en Lugo é moi mala. No caso do PSOE por unha nefasta xestión e un nulo interese na licitación do contrato; e no caso do BNG por ser ese cómplice necesario que sempre precisa o PSOE porque, se non, hai anos que tería deixado de gobernar ou máis ben de desgobernar nesta cidade.

Todos sabemos que a licitación do novo contrato de recollida do lixo está moi avanzada, practicamente na súa recta final, e se aínda non se resolveu serán os señores e señoras do bigoberno, repito para que a ninguén se lle olvide, PSOE e BNG, os que terán que explicar os motivos que os levaron a esta situación. Está moi ben iso que explican das novas condicións que rexerán o sistema de recollida de lixo na nosa cidade, ta, ta, ta, ta. Que se agora se recollerán tamén os aceites, as pilas, que se mellorará a recollida selectiva, todo moi bonito. Pero, saben unha cousa? Chegan moi tarde, e explícome. O contrato do lixo nesta cidade caducou o 31 de marzo de 2017. Antes desa data, anos antes, chegaron ás súas mesas informes técnicos municipais alertando da próxima caducidade dese contrato e a necesidade de redactar os novos pregos. Por que non fixeron nada? Vostedes expliquen aos lucenses os motivos que os levaron a que Lugo sexa unha das cidades máis sucias de España. E non o di o PP, dío un informe da OCU sobre a limpeza das cidades en España e vostedes fixeron que se suspendese. Empeñáronse en manter o contrato caducado e, claro, froito diso temos contedores

terceiromundistas, dos cales temos queixas todos os meses nas comisións de suxestións; e non chega con telos rotos, que ata puxeron nas nosas rúas os colectores vellos que tiraron noutras cidades, en concreto de Santiago, que levan dende a folga do lixo repartidos e dando vergoña por toda a cidade.

Dende este grupo municipal levamos anos reclamando a licitación do novo contrato, a renovación dos colectores do lixo, que se aumente a recollida selectiva, que se instalen contedores de aceites domésticos, moitas peticións que vostedes escoitaron como quen oe chober, e logo temos que oírles que nos repetimos nas proposicións.

A limpeza urbana en Lugo deixa moito que desexar. E non me falen doutras administracións, porque a xestión de residuos é unha responsabilidade municipal, pero, claro, este Goberno nunca ten culpa de nada. Se non fose porque este grupo fiscaliza ao máximo o pouco traballo que fan, sempre que teñamos a información e acceso a ela, claro, 17 parroquias do rural quedarían en sen servizo co novo contrato de basura, xa que non aparecían nos pregos.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, quenda novamente para o grupo propoñente, minuto e medio, a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Señor Fernández, desde Ciudadanos non imos entrar na situación de limpeza desta cidade, nin imos repetir de novo que o contrato do lixo leva 4 anos caducado e que tiveron tempo suficiente; só faltaría que o novo contrato do lixo non contemplara todas as demandas e necesidades e actualizacións que este servizo comprende nas cidades. O que imos falando e non imos cuestionar o contrato, que de feito coñecemos cal é o prego, coñecemos as melloras, de feito desde Ciudadanos repetimos en moitísimas ocasións a necesidade do quinto contedor; pode retrotraerse aos anos anteriores para saber cantas veces o repetimos e o reiteramos, senón que estamos falando de iniciativas paralelas, estamos falado para o reciclado dos envases dun só uso.

Vostede coma min participou esta fin de semana nunha actividade na que puidemos comprobar os quilos e quilos de envases e latas que se deixan tirados, ademais en entornos naturais. Polo tanto, crear ou poñer en marcha ou polo menos estudar, que é o que se pide nesta proposición, estudar un sistema de reciclaxe incentivado que incentive ou que fomente a reciclaxe sobre todo nos máis novos,

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

que son os que por desgraza consomen máis este tipo de envases, e se poida premiar ou fomentar esta reciclaxe creo que polo menos merecería un repensado. Ninguén cuestiona o contrato do lixo, simplemente estase falando dunha nova iniciativa, paralela a ese contrato, que ademais van poñer apertura dixital moderna dos contedores perfectamente sería posible cun convenio con Ecoembes, como se está facendo con outras cidades. Pero vostedes o que queren non son propostas construtivas, o que lles gusta é dicir que non a calquera cousa e presumir do que non fan, porque que vostede hoxe aquí veña...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Goberno, para o concelleiro de Cohesión Territorial.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Moitas grazas, alcaldesa.

Eu pediríalle á portavoz do Partido Popular que se centre no tema que estamos a debater, porque a proposición que temos diante titúlase "Proposición para o fomento da reciclaxe". Non vexo en ningún lado que se titule proposición para a variación da situación dos residuos sólidos urbanos en Lugo. Por tanto, gustárame que en vez de criticar, que o poden facer a través de iniciativas que poden presentar, pois fixeran propostas concretas e útiles sobre as cales traballar, sobre os cales debater e seguro que tamén nese sentido serían vostedes moito máis útiles para a cidade.

E, señora Louzao, dime, é que xa se está facendo. Vostedes propóñennos un estudo e nós non só temos en estudo feito senón que temos moi avanzado a forma de materializalo e somos incluso moito máis ambiciosos nese sentido.

E, miren, na primeira intervención faltoume mencionar dúas novidades que se incorporan nos pregos e que entendo que son relevantes; en primeiro lugar, a optimización da xestión a través das novas tecnoloxías, é dicir, basicamente seguindo as pautas de Smart City; e tamén o feito de que se inclúan as máximas exixencias en canto a parámetros medioambientais. Estas dúas ferramentas, unido ao que xa lles expuxen anteriormente, esa incentivación aos veciños, esa colaboración, permitíranos levar a cabo algo tan fundamental para a reciclaxe como é mellorar a separación en orixe. Polo tanto...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz do Partido Popular.

- **SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL:** Señor Miguel, eu tamén lle pediría ao Goberno que en vez de estar falando de Ourense ou doutra Administración, que se centraran e falaran de Lugo, pero bueno, aquí, como todos imos falar do noso libro, non? E, mire, debería de caerlles a cara de vergoña, porque se tiveran feito o seu traballo a tempo e ben feito hai un ano non terían que ter chegado ao extremo de pedir aos veciños que deixaran as tapas dos contedores de lixo abertas durante a pandemia do covid, porque, se licitaran o contrato a tempo, xa se tería realizado a renovación dos colectores vellos e danados, e estarían en perfecto estado de funcionamento polo que ao pisar o pedal se abriría a tapa sen problema.

E Piñeiro, Piúgos, Poutomillos, Progalo, Recimil, Ribas de Miño e así podería seguir cuns cantos máis, e saben que teñen en común estas parroquias? Son as que quedaban sen servizo nos pregos de contrato da basura. Así é como fai vostede das cousas: tarde, mal e a rastro. Vostedes son os mesmos que nin se preocupan de facer que se cumpran os contratos, xa que a maquinaria que se emprega en Lugo para recoller o lixo non pode realizar traballos noutros municipios e xa saben que algún camión foi visto en Ribadeo recollendo lixo. Saben que hai unha acta notarial que o demostra, e saben o que fixo o PSOE?, tapalo, encubriilo e deixar a empresa que faga o que lle dea a gana coas propiedades dos lucenses. Vostedes saberán por que son tan permisivos con estas multinacionais. Aí o deixo.

Señores do bigoberno, deixen de presumir tanto e traballen porque vergoña debería de darlles presumir do que fan co contrato da basura tendo a Lugo como unha das cidades máis sucias de España.

Un saúdo.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o grupo propoñente, 30 segundos.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Señor Fernández, sabe o que pasa?, que a súa ambición, esa á que nos teñen acostumados desde 2015 no que eu entrei nesa Corporación pois sempre acaba resultando moi decepcionante. Aí lles queda a idea, aínda que hoxe voten en contra, pois mira xa me dá igual, vostedes se queren levala a cabo aí a teñen presente. É unha iniciativa que está dando moi bos resultados noutras cidades e só dicirlle e recordarlle que Lugo é a segunda cidade galega que menos recicla, dentro de 1 ano falaremos desa a súa gran ambición e

veremos en quesituación estamos. Pero non se preocupe que, aínda que, polo menos repense a idea e se quere dentro dun ano ao mellor ve que tampouco foi tan mala.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** En política non todo vale e as mentiras teñen un recorrido curto. Non quedou ningunha parroquia fóra, estaban todas contempladas nos pregos, de feito non sei cambiou nada nese senso.

Despois deste ano tan difícil que tivemos, que polo visto non se enteraron de moitas das medidas que tivemos que levar a cabo, que levamos a cabo xa non só no eido económico, senón en moitas outras áreas e moitos outros sectores, non se deron conta de que ao final os contedores quedaban abertos para evitar os contactos e evitar así os contaxios, tal e como nos indicaban para evitar esa contención da pandemia que se fixeron moitos esforzos nese sentido.

E xa se dixo en moitas ocasións e seguiremos mantendo esta postura, que todo aquilo que xa estea contemplado ou se estea facendo non vai contar co noso voto a favor. E, polo tanto, o que motiva esta situación de que, como dixo o portavoz do Goberno, non só nos imos quedar no estudo, senón que o estudo está feito, está contemplado, e imos materializar as melloras en reciclaxe en aras por ende tamén para seguir co modelo de cidade no que levamos traballando durante os últimos anos.

Imos proceder entón á votación da proposta.

15/65 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 130/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA ACTUALIZAR O PLAN MUNICIPAL DE EMERXENCIAS.-

Vista a citada proposición subscrita polo Grupo Municipal do Partido Popular, número 130/2021 de Rexistro de Pleno, que foi ditaminada pola Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza, celebrada o 26 de abril de 2021, e cuxo literal é do seguinte teor:

“O Grupo Municipal do Partido Popular propón a actualización do plan municipal de emerxencias, un plan aprobado hai catorce anos e que carece de revisións ou actualizacións dende entón.

Cando se busca na páxina web do Concello de Lugo información sobre o Plan Municipal de Emerxencias atopamos que este foi homologado pola Xunta de Galicia no Comité Galego de Protección Civil, e posteriormente aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión de 23 de maio de 2007. O PEMU debe estar

actualizado xa que se trata dunha ferramenta indispensable para responder de forma áxil e coordinada ante calquera emerxencia tratando de evitar atrasos ou mesmo duplicidades nas intervencións. Debe dar un marco orgánico-funcional e de mecanismos que permitan a mobilización dos recursos humanos e materiais precisos para a protección das persoas e bens, en caso de risco.

Un plan elaborado para unha poboación de 92.000 habitantes non se axusta á realidade da cidade de Lugo que roza os 100.000. É preciso dimensionar este documento incluíndo toda a cartografía e todas as instalacións sanitarias, educativas, administrativas, policiais, comerciais, industriais, xa que a día de hoxe non aparecen barrios enteiros, zonas industriais ou edificacións susceptibles de acoller un volumen importante de persoas.

Un Plan de Emerxencias precisa estar actualizado para cumprir co seu cometido e para ser a ferramenta precisa para atallar os principais riscos que poden ameazar a nosa cidade. Os riscos do 2007 son similares aos que nos enfrentamos agora, pero a día de hoxe existe un novo catálogo de medios materiais, de medidas de autoprotección dos edificios, de materiais de construción, por iso a importancia dun documento que deixe o mínimo á improvisación.

Ante unha situación de emerxencia debe existir unha coordinación total dos grupos de intervención, de seguridade, loxísticos e sanitarios. O que a cidade de Lugo precisa é un documento actualizado en canto a cartografía, riscos, medios... de cara a garantir a prevención, previsión e, sobre todo, a coordinación para unha rápida e eficaz resposta.

Por todo elo o Grupo Municipal do Partido Popular, que subscribe esta proposición, considera de interese municipal que o Pleno da Corporación Municipal acorde:

1. A revisión e actualización do Plan Municipal de Emerxencias para atender, con garantías, as emerxencias que suceden no termo municipal de Lugo."

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- | | | |
|---------------------------|----|--|
| - Votos a favor: | 25 | dos Grupos Municipais do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia-PSOE, do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo. |
| - Votos en contra: | 0 | |
| - Abstencións: | 0 | |

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por unanimidade,
ACORDA:

A revisión e actualización do Plan Municipal de Emerxencias para atender, con garantías, as emerxencias que suceden no termo municipal de Lugo.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pasamos entón ao seguinte punto da orde do día, que tal e como acordamos na xunta de voceiros imos debater conxuntamente co punto 17, despois procederemos á súa votación por separado, pero imos neste caso facer o debate conxunto. Polo tanto, inicia primeiramente como grupo propoñente o Partido Popular, 3 minutos.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, alcaldesa.

Temos que lamentar que teñamos que traer de novo a este Pleno unha iniciativa que xa o Partido Popular trouxo hai tres anos e que por certo foi aprobada, pero iso si cos votos en contra do Partido Socialista. Aprobada si, pero non se fixo absolutamente nada, como sucede coa maioría dos acordos alcanzados nesta institución. Miren se traballan vostedes en positivo e son útiles para a cidade que nin os propios acordos son capaces de respectar e tomalos en consideración.

No 2018 o Partido Popular pedía simplemente que se revisase e actualizase o Plan municipal de emerxencias para atender con garantías as emerxencias municipais desta cidade. Pois isto mesmo é o que propoñemos e pedimos no día de hoxe, xa que tivo que suceder ese terrible incendio do Ceao para que se recoñecese ese plan, que se implantou xa no 2017, non se actualizou a día de hoxe. Ese plan de 2007 foi elaborado para unha poboación de 92.000 habitantes e hoxe somos preto de 100.000. Nel non veñen recollidos barrios enteiros da cidade, nin edificios como o da Policía Local, o INSS, as termas, o Novo Auditorio, por citar algúns; e tampouco aparecen infraestruturas como a Ponte Branca entre outras. É dicir, un plan fóra da realidade municipal.

E, miren, este plan ten que ser actualizado, xa que é unha ferramenta para respostar de forma áxil e coordinada ante calquera emerxencia, tratando de evitar atrancos e atrasos ou mesmo duplicidades nas intervencións; permitindo mobilizar os recursos humanos e materiais precisos para a protección tanto de persoas como de bens. A importancia deste documento é que deixe pouca marxe á improvisación e que se teña unha actualización periódica e permanente.

E hoxe aquí quero ter tamén un recoñecemento para os bombeiros e todo ese persoal de emerxencias que participaron no incendio, xa que o seu traballo foi moi importante e demostraron a súa profesionalidade incluso arriscando as súas vidas a pesares dos deficientes medios dispoñibles e da precariedade da plantilla de

bombeiros, pois, segundo as recomendacións da Unión Europea, tería que ter unha plantilla de preto de 100 axentes e, sen embargo, só son 45 os seus membros.

E, miren, no Partido Popular con esta iniciativa non queremos facer xuízos de valor sobre o ocorrido na extinción de incendios, soamente pedimos a actualización do Plan de emerxencias; xa teremos ocasión de valorar esas actuacións a través dos informes tanto dos técnicos, da policía e das aseguradoras. Agora vamos deixar traballar eses corpos de profesionais para...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, finalizou o seu tempo. Quenda agora para o outro grupo propoñente, para Cidadáns, 3 minutos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Muchas gracias.

El pasado 11 de abril por desgracia tuvo lugar el incendio más importante que recuerda esta ciudad en las últimas décadas. La nave industrial en la que se inició en terrible incendio se calcinó por completo, pero eso también afectó a las otras naves colindantes, pero por suerte y gracias al trabajo de desalojo de las naves afectadas que se llevaron a cabo por los servicios de emergencia no tenemos que lamentar daños personales, pero sí importantísimos daños materiales que en ningún caso pueden ser ajenos al Concello de Lugo.

Este grupo entiende que debe crearse, en coordinación con otras administraciones, las oportunas líneas de apoyo a las empresas afectadas para garantizar así su viabilidad a corto y medio plazo, y con ella los puestos de trabajo. Y es que no podemos permanecer ajenos a la realidad de lo sucedido ese domingo y al posible funcionamiento anormal de los servicios públicos, que esto sí es grave, ya que muchas son las voces de los propios afectados y de las que se hicieron eco los propios medios de comunicación que hablan de la falta de presión de agua en las bocas de incendio situadas en las inmediaciones de las naves afectadas.

Por supuesto, habrá que esperar a lo que se esclarezca en este sentido, pero las primeras voces ya nos llevan a alarmarnos y a darnos cuenta de la gravedad de esta situación. En este sentido queremos volver a destacar, al igual que hacíamos en la propia iniciativa, las declaraciones públicas del gerente de la Agencia Gallega de Emergencias en las que, además de señalar la magnitud del incendio en cuestión, destacó la colaboración prestada por el grupo Leche Río, al que todos debemos estar agradecidos por lo que, pero que en todo caso deja en evidencia el funcionamiento de los servicios públicos. Y todavía más grave, este gerente decía

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

que cuando en unas circunstancias así, dice literalmente: “El incendio podía haber evolucionado hacia naves colindantes, que no fue así, ya que gracias al gran trabajo de los bomberos de Lugo se contuvo. Si no llegan a estar las camionetas de Leche Río mientras no llegan las carroquetas utilizadas en los incendios forestales, el fuego hubiera ido hacia otras naves que estaban siendo afectadas en ese momento”.

Por ello, cabe preguntarse y anticiparse si el anormal funcionamiento de estos servicios públicos podría traer como consecuencia que alguno de los afectados o compañías aseguradoras interponga la correspondiente reclamación patrimonial contra la Administración, a lo cual, como decimos, el Concello debe anticiparse. Por eso entendemos debe contratarse de forma externa el oportuno informe técnico que valide el correcto funcionamiento de los servicios públicos y determine hasta dónde llega la responsabilidad municipal en la propagación del fatal incendio. Y asimismo una auditoría de los hidrantes del municipio, en la que se compruebe que los mismos cumplen con la normativa y que se han realizado todas las inspecciones periódicas correspondientes. Y todo esto sin perjuicio de los informes e inspecciones que hagan los correspondientes servicios públicos, porque entendemos que la responsabilidad en un determinado momento puede llegar a ser muy grave y que finalmente...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Por parte do Goberno o concelleiro Álvaro Santos.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** O domingo 11 de abril Lugo amence cun incendio dunha magnitude excepcional no polígono industrial do Ceao. Os bombeiros do parque municipal do Concello de Lugo despréganse e interveñen no mesmo con inmediatez unha vez recibido o aviso. Decontado diagnostican que se enfrontan a un incendio dunha gran magnitude cunhas peculiaridades pola situación, polos materiais combustibles sobre o que se produce e o seu alcance, ou pola carga térmica acadada ata seren avisados que fai que se despreguen todos os medios e se requiran os reforzos necesarios para poder atallalo.

Sabendo a necesidade de medios que requiriría para o seu control, pediuse xa nese intre a colaboración, por exemplo, de vehículos nodriza da Axencia de Emerxencias Galega, que chegarían máis tarde algúns horas despois. Unha magnífica coordinación e implicación das diferentes unidades e profesionais que as

integran, centrados e enfocados nunha única finalidade: conter e controlar o antes posible o incendio para despois proceder á súa extinción fixo que se evitasen consecuencias máis catastróficas que as sucedidas, tráxicas, millonarias, inmensas, si, pero que puideron ser moito maiores.

Tamén houbo colaboración de persoas alleas aos servizos públicos, sinaladamente co apoio de camións de Leite Río para colaborar na demanda de auga, millóns de litros, insisto, millóns de litros que se precisaron para enfrontarse a un descomunal, monstruoso incendio, todos sumando cun fin: conter o incendio, e foi controlado.

Desde o primeiro minuto, dende o Goberno municipal, coa alcaldesa en primeira liña estivemos preocupándonos pola situación e de colaborar no que fose preciso, estando á disposición de todos os implicados ante calquera necesidade.

É habitual que ao tempo que uns se preocupan en atallar os problemas, outros se dediquen á especulación, á confusión, a curiosear ou a crear bulos. É comprensible que nun estado nun tema complexo un poida teorizar na imputación de culpas vítima incluso dos bulos creados polos outros, pero iso non ampara a teoría.

O inaceptable é que se asuma como tese, que é o que fai Ciudadanos, nin tan sequera como hipótese, sen máis fundamento que o que se escoita e se interesa para unha actividade política que só persegue rédito electoral, non rigor, veracidade ou impulso. Direillo unha vez máis: reiterada a pregunta en numerosas ocasións durante o incendio e despois, indícasenos que o alcance do incendio e a transmisión do mesmo entre naves non é imputable á insuficiencia de medios algunha, de auga tampouco, pero non queren entendelo porque lles interesa máis o bulo.

O Goberno segue no rigor, pensa solicitar o informe sobre a rede de abastecemento nas inmediacións do polígono e outros aspectos de interese que determinará as accións que de cara a mellorar o sistema actual poidamos facer no futuro. Aí no rigor e no impulso construtivo é onde nos vai atopar, porque é o que queremos para Lugo, por iso apoiamos e impulsamos a renovación do Plan de emerxencias. Moitísimas grazas a todas as persoas profesionais e voluntarios que se implicaron na extinción deste dramático incendio.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Pois iniciamos a segunda quenda, minuto e medio para o primeiro grupo propoñente, para o portavoz do Partido Popular.

- RAMÓN CARBALLO PÁEZ: Grazas, alcaldesa.

Mire, señor Santos, a impresión que están a dar vostedes é que queren poñer a venda antes da ferida. Como poden dicir que todo funcionou ben? Houbo funcionamentos anómalos en servizos públicos que debe ter este polígono, e a vostedes dixéronllo igual que nolo dixeron a nós eses días os traballadores e os empresarios do Ceao. Como din vostedes que houbo caudal suficiente? Non se trata de caudal, señor Santos, trátase de se houbo presión ou non había presión. Se non foran as cisternas de Leite Río, as motobombas e cando chegou o camión cisterna da Axega, probablemente estaríamos falando doutras dimensións neste incendio. E vostede o outro día nunha comisión nin recoñecía a aportación dos camiós cisterna de Leite Río. Polo tanto, recapaciten que non todo funcionou ben, si os traballadores e temos que estar agradecidos a ese gran traballo de todos os implicados na extinción, pero deixando esta parte tamén quería dedicarlle uns segundos á proposición de Ciudadanos e nosoutros propuxémoslle unha emenda de substitución ao punto dous xa que na liña de axudas económicas non debe ir nesa dirección, pois existen aseguradoras que terán que facer fronte aos gastos ocasionados e aos danos. As distintas administracións teñen liñas e formas de axudas que deben poñer en marcha e, de feito...

- LARA MÉNDEZ LÓPEZ: Moi ben, finalizou o seu tempo. Quenda agora para o segundo grupo propoñente, para Cidadáns.

- JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA: Muchas gracias.

No entendemos, bueno, en primer lugar nos parece adecuada la enmienda del PP y, por tanto, la aceptamos, pero creemos que esta enmienda del PP también tiene miga y también tiene mucho que ver con nuestra propia propuesta. Y no podemos entender que se nos tache de oportunistas; una de las propuestas quiere mejorar el plan de emergencias y otra de las propuestas lo que quiere es anticiparse a posibles reclamaciones, no hay ningún oportunismo, pero es que tampoco podemos poner una banda en los ojos. Es decir, ¿existen voces cualificadas que a día de hoy al menos ponen en entredicho el funcionamiento adecuado y normal de los servicios públicos? Existen, ya los hemos mencionado. ¿Existe en la actualidad posibilidad de que alguna compañía haga en el futuro alguna reclamación al Ayuntamiento?, existe, seamos realistas, no podemos obviarlo. Es decir, en este tipo de supuestos casi todas las empresas suelen tener un seguro con un límite

económico determinado, lo que es el infraseguro. Las compañías aseguradoras van a buscar otras vías y la primera vía, la más lógica a la que tratamos de anticiparnos es una vía de reclamación patrimonial contra la Administración. Si ahora mismo se están haciendo las indagaciones oportunas por los servicios que procedan, también procederá que el Ayuntamiento contrate un servicio individualizado independiente que haga ese mismo trabajo y nos anticipemos a esas posibles reclamaciones, y además esto les daría la razón a ustedes, que funcionó todo perfecto y todos los lucenses no tenemos que volver a pagar una indemnización millonaria. Oportunismo nada, lo que queremos es anticiparnos...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para o portavoz do Goberno, o señor Santos.

- **ÁLVARO SANTOS RAMOS:** Sobre o rigor de Ciudadanos nesta proposta, por certo, extrapolable a case todas, advírtenos unha afirmación contida xa no primeiro parágrafo: “La nave industrial en la que se inició el terrible incendio se calcinó por completo, pero el mismo también afectó a otras naves colindantes, todas ellas situadas en la avenida de la Industria de dicho polígono”. Direilles que o incendio se iniciou nunha nave da rúa da Industria pero afectou a outras naves, a maioría na rúa dos Canteiros. Permítanme que se non saben onde foi, desconfíe de que saiban moi ben o que alí pasou, incluso que pense se tocan de oídas, porque a verdade é que eu aos únicos que non vin por alí foi a vostedes.

En resumo, o incendio, pese á súa magnitude e virulencia pola situación, condicións meteorolóxicas e materiais combustibles, foi contido no menor tempo posible e grazas aos medios dispoñibles. Desde o primeiro minuto ofreceuse colaboración aos afectados para a recuperación da actividade e déronse indicacións aos servizos de priorizar as tramitacións dos expedientes relacionados con esta catástrofe.

En canto ás axudas económicas, industria é competencia da Xunta e o presidente Feijóo en visita á zona comprometeu as axudas económicas necesarias para paliar a situación. Así que, aínda que os antecedentes para confiar nas súas promesas non son moi bos, agardamos que cumpra e, se non, créanme ninguén se vai a quedar só, pese a que vostedes lles interese máis a crispación que o rigor, porque aí si estará o Concello de Lugo con este Goberno.

E, señor Carballo, dígame, terá a culpa que algún camiión nodriza da Xunta de Galicia tardase horas en chegar? Eu creo que non, home, que estaban en Santiago.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Iniciamos a última quenda para os grupos propoñentes, 30 segundos para os dous grupos e inicia o Partido Popular.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, alcaldesa.

Primeiro, agradecer o apoio a esta iniciativa dos grupos que así o manifestaron.

E, señores do bigoberno, eu deixaríame de tanto greenVancouver e de barrios ecolóxicos, pois a realidade de Lugo éles bastante distinta. Existe outro Lugo por desgraza moito máis abandonado pola súa falta de xestión, e iso vímolos nas infraestruturas do polígono do Ceao. Polo tanto, póñanse a traballar porque moitas das cousas podíanse haber polo menos minimizado se funcionaban ben os servizos municipais.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Quenda agora para Cidadáns, 30 segundos.

- **JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA:** Si no fuera por lo desgraciado del incidente, sería para reírse, porque tener que recurrir a la dirección de las naves para desacreditar una propuesta... Esperamos, pero con total sinceridad, que esto no se le vuelva en contra; y esperamos que el funcionamiento de los servicios públicos haya funcionado como ustedes dicen; y esperamos que esto no suponga una indemnización millonaria para todos los lucenses, que curiosamente y hablando de rigor no sería la primera.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Pois aquel domingo foi un dos días máis duros que eu tiven que vivir como alcaldesa e como Corporación dos moitos dos presentes que estiveron alí seguindo a situación e o alcance do mesmo. Desde o primeiro momento nos trasladaron que era moi difícil concretar o alcance porque era inaccesible en moitos casos pola elevada temperatura, e o que se fixo foi unha labor de contención para evitar que fora maior o dano e que se utilizou todos os recursos que temos á disposición, incrementados moitísimo nos últimos anos, tanto en efectivos de persoal como en dotacións materiais, e aínda así polo alcance do mesmo un día sen precedentes e unha situación sen precedentes, así trasladada polo propio grupo de bombeiros e polo grupo propio Servizo de Bombeiros do Concello de Lugo, que o primeiro que fixeron xa foi poñer de manifesto a situación e

buscar as sinerxías e colaboracións, como temos feito dende o Concello de Lugo con moitos incendios cando se produciron.

Polo tanto, agradecer esa sinerxía, agradecer ese traballo conxunto, agradecer o bo facer de todas as institucións e administracións que participaron, dende a Deputación Provincial cos parques comarcais, dende a Xunta de Galicia a través do Plan de emerxencias e a Axega, e como non, en especial e de maneira moi especial, ao Servizo de Protección de Incendios do Concello de Lugo, e nominativamente ao seu sarxento xefe, polo bo facer, por estar á altura das circunstancias e por evitar que fora de maior alcance, un día tráxico negro para todos.

Polo tanto, que estes días non se repitan, e o obxectivo que debemos ter entre todos e todas é conseguir que isto non se volva a repetir, mellorar todo o que sexa mellorable, porque todo é mellorable, susceptible de mellora, e polo tanto mellorar todo o que sexa mellorable. Agradecer todos os traballos e implicacións e, como non, tamén da parte civil da cidadanía, das empresas que, empezando por Leite Río, como moitas que estiveron traballando arreo, facendo vaciados de combustible para evitar danos maiores, toda a implicación da cidadanía, e, repito, agradecer especialmente ao Servizo de Bombeiros do Concello de Lugo o estar á altura das circunstancias e o saber que, a pesar da gravidade da situación, temos un bo servizo e temos capacidade de conter e de paliar estas situacións.

Imos facer a votación por separado, como acordamos e como está establecido.

16/66 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, NÚMERO 132/2021 DE REXISTRO DE PLENO, PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A CUMPRIR OS COMPROMISOS ASUMIDOS E POÑER EN MARCHA AXUDAS PARA A LOITA CONTRA A PANDEMIA E A CRISE ECONÓMICA E SOCIAL QUE SOFRE ESPAÑA.-

Vista a citada proposición presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, número 132/2021 de Rexistro de Pleno, que foi ditaminada pola Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, do 26 de abril de 2021, cuxo teor é o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As entidades locais sufriron dende o inicio da pandemia o abandono, o desprezo e a deslealdade do goberno de España.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

O goberno que afirmou que non ía *dejar a nadie atrás* non só non destinou un só euro novo para apoiar a Concellos, Deputacións, Cabildos e Consells Insulares senón que tentou confiscarlles os remanentes acumulados durante os últimos 9 anos e, por último, decidiu que a participación das entidades locais na xestión dos Fondos Europeos de Recuperación e Resiliencia sexa residual e totalmente afastada do peso real que estas administracións teñen sobre o gasto público total.

Mentres esto ocorría, os Concellos, Deputacións, Cabildos e Consells Insulares de toda España puxéronse á fronte da loita contra o virus e da crise económica e social derivada da pandemia e da deficiente xestión realizada polo goberno da nación

Puxeron en marcha novos servizos e axudas para atender a emerxencia sanitaria e para responder á emerxencia social que sofren moitos españois que viron como o virus poñía en risco non só a súa saúde senón tamén o seu traballo e expectativas de vida.

Entre estos novos servizos e axudas podemos mencionar: novos servizos de axuda a domicilio para reducir os contaxios entre os maiores e os máis vulnerables evitando que tivesen que saír das súas casas; entrega de computadores aos seus veciños para que, tanto nenos como adultos, puidesen continuar coas súas clases e os seus traballos con normalidade e en igualdade de condicións que o resto dos seus compañeiros; aumento das axudas de emerxencia social para facer fronte ás 'colas del hambre'; posta en marcha en tempo record de servizos e actividades 'on line'; novos servizos sanitarios para apoiar á poboación; novas axudas para paliar as necesidades das familias e empresas afectadas polo Covid-19, etc.

Uns novos servizos e axudas que, xunto ás perdas derivadas do mantemento de determinados servizos públicos por orde do goberno de España –como o transporte de viaxeiros– cando a demanda era inexistente; as compensacións que se deben realizar aos adxudicatarios de servizos públicos debido á inactividade e/ou redución das horas que deben prestar e o aumento extraordinario de gastos como os da limpeza de edificios e instalacións públicas; incrementaron notablemente o gasto das entidades locais

A iso engádese, as rebaixas fiscais que as entidades locais puxeron en marcha para aliviar as cargas económicas de empresas e familias e a redución de ingresos derivada da crise económica que se viu agravada pola pandemia e a negligente xestión da mesma realizada polo goberno central.

Ante esta situación nin o Presidente do Goberno, nin a Ministra de Hacienda nin os sucesivos Ministros de Política Territorial y Función Pública atenderon as demandas realizadas polas entidades locais.

Por todo isto, o pasado 22 de marzo 10 alcaldes de diferentes formacións políticas, preocupados polo futuro das súas cidades e veciños e en representación da maioría de dirixentes das entidades locais españolas, reuníanse para reclamar ao goberno de España que atendese as peticións realizadas polos Concellos, Deputacións, Cabildos e Consells Insulares que non teñen outro obxectivo que

poder seguir prestando uns servizos públicos de calidade aos seus veciños e apoiándoos nesta crise sanitaria, económica e social.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Lugo, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

O Concello de Lugo fai súas e apoia de xeito firme as seguintes peticións que se recollen no Comunicado Conxunto asinado polos alcaldes de Cádiz, Gerona, Lérida, Madrid, Reus, Santa Cruz de Tenerife, Torrelavega, Pamplona, Valencia e Zaragoza:

1. Solicitamos ao Goberno de España reformular as axudas estatais aos municipios, avanzar nun novo sistema de financiamento das entidades locais que mellore o actual e definir o acceso ao financiamento europeo dos concellos respecto aos fondos asignados a España por importe de 140.000 millóns de euros.

2. Reclamamos ao Goberno central os seguintes puntos:

a) A aprobación de xeito urxente dun Fondo de Reconstrución Local por valor, polo menos de 4.000 millóns de euros.

b) A achega dun Fondo do Transporte de polo menos 1.000 millóns de euros, ampliables para poder facer fronte aos efectos que poidan producirse durante 2021.

c) O recoñecemento do protagonismo que as Entidades Locais deben ter na xestión directa de Fondos da Unión Europea para a Reconstrución, facendo efectiva a transferencia do 14'56 % dos mesmos que equivale á participación da Administración Local no gasto público do Estado.

3. Reivindicamos o papel fundamental que xogaron todos os concellos na xestión da crise sanitaria e económica ocasionada polo coronavirus, independentemente da súa cor política ou da súa situación económico-financieira. O combate contra a pandemia supuxo un gran buraco financeiro para custear os servizos públicos que precisan os nosos veciños.

4. Igualmente, reivindicamos os acordos alcanzados por unanimidade no seo da FEMP para reclamar ao Goberno de España que arbitre un sistema de axudas a todos os concellos que permitan facer fronte ás dificultades económicas ocasionadas pola crise sanitaria do coronavirus. Estas axudas son imprescindibles para que os municipios sigan a prestar os seus servizos públicos e axudando a quen máis o precisa durante a actual crise económica.

5. Comprometémonos a seguir defendendo a igualdade e a solidariedade no reparto dos fondos estatais entre os municipios, así como a preservar os intereses de todos os cidadáns independentemente do municipio no que residan e da situación económica na que se atopan os concellos.

Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Hacienda, ao Ministro de Política Territorial y Función Pública, aos Portavoces de Grupos Políticos do Congreso, Senado e do Parlamento de Galicia e á Xunta de Goberno da FEMP.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 10 do Grupo Municipal do Partido Popular.
- **Votos en contra:** 8 do Grupo Municipal do Partido Socialista de Galicia-PSOE.
- **Abstencións:** 7 do Grupos Municipais do Bloque Nacionalista Galego e de Ciudadanos Lugo

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno, por maioría simple,
ACORDA:

O Concello de Lugo fai súas e apoia de xeito firme as seguintes peticións que se recollen no Comunicado Conxunto asinado polos alcaldes de Cádiz, Gerona, Lérida, Madrid, Reus, Santa Cruz de Tenerife, Torrelavega, Pamplona, Valencia e Zaragoza:

1. Solicitamos ao Goberno de España reformular as axudas estatais aos municipios, avanzar nun novo sistema de financiamento das entidades locais que mellore o actual e definir o acceso ao financiamento europeo dos concellos respecto aos fondos asignados a España por importe de 140.000 millóns de euros.
2. Reclamamos ao Goberno central os seguintes puntos:
 - a) A aprobación de xeito urxente dun Fondo de Reconstrución Local por valor, polo menos de 4.000 millóns de euros.
 - b) A achega dun Fondo do Transporte de polo menos 1.000 millóns de euros, ampliables para poder facer fronte aos efectos que poidan producirse durante 2021.
 - c) O recoñecemento do protagonismo que as Entidades Locais deben ter na xestión directa de Fondos da Unión Europea para a Reconstrución, facendo efectiva a transferencia do 14'56 % dos mesmos que equivale á participación da Administración Local no gasto público do Estado.
3. Reivindicamos o papel fundamental que xogaron todos os concellos na xestión da crise sanitaria e económica ocasionada polo coronavirus, independentemente da súa cor política ou da súa situación económico-financieira. O combate contra a pandemia supuxo un gran buraco financeiro para custear os servizos públicos que precisan os nosos veciños.
4. Igualmente, reivindicamos os acordos alcanzados por unanimidade no seo da FEMP para reclamar ao Goberno de España que arbitre un sistema de axudas a todos os concellos que permitan facer fronte ás dificultades económicas ocasionadas pola crise sanitaria do coronavirus. Estas axudas son imprescindibles para que os municipios sigan a prestar os seus servizos públicos e axudando a quen máis o precisa durante a actual crise económica.

5. Comprometémonos a seguir defendendo a igualdade e a solidariedade no reparto dos fondos estatais entre os municipios, así como a preservar os intereses de todos os cidadáns independentemente do municipio no que residan e da situación económica na que se atopan os concellos.

Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Hacienda, ao Ministro de Política Territorial y Función Pública, aos Portavoces de Grupos Políticos do Congreso, Senado e do Parlamento de Galicia e á Xunta de Goberno da FEMP.

DELIBERACIÓN

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** 3 minutos para o grupo propoñente, para o Partido Popular.

- **MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ:** Bo día.

Hoxe traemos a Pleno unha proposición para instar o Goberno de España ao cumprir cos compromisos asumidos coas entidades locais durante o último ano. As entidades locais sufriron dende o inicio da pandemia o abandono, o desprezo e a deslealdade do Goberno de España. E digo isto porque o Goberno, que nun primeiro momento dixo que non ía deixar a ninguén atrás, non só non destinou un só euro para apoiar aos concellos, senón que ademais tentou confiscarlles os remanentes acumulados durante os últimos nove anos, situación que non tivo máis remedio que rectificar iso despois de moitas presións dos alcaldes do Partido Popular.

Agora tamén sabemos que en Moncloa decidiron que a participación das entidades locais na xestión dos fondos europeos sexa residual e totalmente afastada do peso real que estas administracións teñen sobre o gasto público.

Mentres isto ocorría, os concellos de toda España tiveron que facer fronte á loita contra o virus e á crise económica e social derivada da pandemia pola deficiente xestión realizada polo Goberno da nación.

Ante esta situación, nin o presidente do Goberno, nin a ministra de Facenda, nin os sucesivos ministros de Política Territorial e Función Pública, atenderon as demandas realizadas polas entidades locais.

A descrición que acabo de facer non é ademais froito dunha visión partidista; ata tal punto é así que o pasado 22 de marzo 10 alcaldes de diferentes formacións políticas preocupados polo futuro das súas cidades e veciños e en representación

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

de moitos dirixentes das entidades locais españolas, reuníanse para reclamar ao Goberno de España que atendese as peticións realizadas polos concellos, deputacións, cabildos e consellos insulares, que non teñen outro obxectivo que poder seguir prestando uns servizos públicos de calidade aos seus veciños e apoiándonos nesta crise sanitaria, económica e social.

Por iso hoxe traemos a Pleno a seguinte proposta: “Que o Concello de Lugo faga súas e apoie de xeito firme as seguintes peticións que se recollen no comunicado conxunto asinado por 10 alcaldes de diferentes formacións políticas, e solicitar ao Goberno de España reformular as axudas estatais aos municipios; avanzar nun novo sistema de financiamento das entidades locais que mellore o actual e definir o acceso ao financiamento europeo dos concellos respecto aos fondos asignados a España por importe de 140.000 millóns de euros; e reclamar ao Goberno central a aprobación dun fondo de reconstrución local de 4.000 millóns de euros e a achega do fondo de transporte de 1.000 millóns de euros; así como o recoñecemento do protagonismo que as entidades locais deben ter na xestión directa dos fondos da Unión Europea, coa transferencia do 14,6% dos mesmos, que equivale á participación da Administración local no gasto público do Estado”.

Reivindicamos o papel fundamental que xogaron todos os concellos na xestión da crise sanitaria e económica ocasionada polo coronavirus, independentemente da súa cor política ou da súa situación económico-financeira, e, finalmente, reivindicamos os acordos alcanzados por unanimidade no seo da FEMP para reclamar ao Goberno de España que arbitre...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Quenda agora para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZA O ALDARIZ:** Ninguén pode dubidar o papel fundamental que as entidades locais tiveron e seguen a ter na xestión da pandemia, converténdose en protagonistas esenciais pola súa proximidade aos cidadáns.

Nun breve espazo de tempo víronse obrigadas a reinventarse continuando a prestación de servizos en remoto e combatendo a emerxencia social na medida das súas posibilidades, pero tamén puxo de manifesto o pouco preparados que se atopaban os concellos para facer fronte a circunstancias alonxadas do seu funcionamento anormal.

A crise do covid, unha crise sanitaria, social e económica ata o momento descoñecida e dunha enorme complexidade, debería terse abordado desde unha efectiva coordinación e colaboración entre as administracións para ser máis eficientes e para non duplicar ou malgastar recursos. Pero, por desgraza, puidemos comprobar como non aconteceu así e en moitas ocasións existía unha absoluta descoordinación entre Goberno central, autonómicos e mesmo locais. As peores decisións no momento en que máis falla facía a man tendida.

A crise económica non só afecta aos petos dos cidadáns, senón que os recursos públicos tamén asumiron custos imprevisibles: moitos máis gastos sanitarios, máis axudas económicas para sectores afectados, unha fiscalidade en moitos concellos tamén mermada e que sen dúbida se verá aliviada pola chegada da aportación europea á economía española. Pero estes fondos europeos non poden ter outro destino que contribuír ao desenvolvemento económico do noso territorio, unido a unha xestión eficaz e transparente.

Aínda que compartimos moito do exposto polo Partido Popular na súa exposición de motivos, atopamos diverxencias en canto aos puntos de acordo. Desde Ciudadanos defendemos que as entidades locais deben presentar proxectos tractores da economía para acceder a estes recursos, pero non compartimos que se manteña unha porcentaxe concreta dos mesmos. Isto levaría a que certas rexións ou municipios, por ter un orzamento máis pequeno ou aportar menos, reciban tamén menos, o que non está aliñado con ningún criterio técnico e podería, ademais, operar en contra dunha vertebración territorial equilibrada.

Os recursos procedentes de Europa poden ser unha enorme oportunidade para o conxunto do noso país, das nosas autonomías e tamén dos concellos, implementando proxectos que sexan estratéxicos para o desenvolvemento social e económico. A súa xestión e o seu reparto debe ser rigoroso e transparente, baseado en criterios técnicos claros e consensuados e totalmente distantes a outro tipo de intereses políticos. E como representantes públicos non debemos permitir que unha gran oportunidade se converta nun novo foco de desequilibrios e desigualdades territoriais. Polo tanto, todas as decisións que contemplan novos fondos de axudas e de reparto deben estar debatidas e consensuadas nos espazos existentes para isto, porque, como dixemos antes e reiteramos novamente, a colaboración e coordinación das distintas administracións, sexan da cor política que sexan, debe imperar no momento crítico ao que nos enfrontamos. Nunca antes se

esperou tanto da clase política e hoxe máis que nunca deberíase estar á altura da situación que estamos a vivir.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas; e quenda agora para o portavoz do BNG.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas e bo día de novo.

Ben, é evidente que esta proposta está ben, está ben pero está incompleta. Está incompleta porque é difícil falar de sumar, de aportar e de ser serios cando aquí se nos esquece unha parte importante que é a que ten que ter o Goberno galego neste asunto. Só houbo que ver, como ademais parece que queda reflectido no propio texto, o papel clave que tiveron as entidades locais. Os concellos, ademais por ser a institución máis próxima á xente, tiveron un papel totalmente determinante durante as semanas máis duras que vivimos nesta crise, e séguese a ter, como así debe ser.

Pero o Goberno galego semella que intentou poñerse de lado, porque só hai que lembrar durante aquelas semanas esa hora diaria que tiñamos do presidente da Xunta na TVG na que daba consellos a todo o mundo, que me parece moi ben, pero non remataba de coller o seu papel real neste asunto.

E, polo tanto, non se pode continuar nun momento coma este nunha liña de fuxida por parte do Goberno galego como aparece aquí neste documento, porque está totalmente desaparecido. Aquí fálase dunha especie de coordinación e de apoio ás entidades locais, e onde queda o Goberno galego? Un traballo de coordinación entre o Estado e os concellos, e onde quedaría a Xunta? Claro, para dar consellos primeiro hai que varrer tamén a casa propia.

Entón, para nós iso é importante, é clave porque, se non, tamén é moi difícil porque está moi ben reclamar aos demais, pero primeiro tamén temos que saber cal é o noso papel. E, polo tanto, a min hai puntos aquí que me parecen moi determinantes porque ademais son chocantes, porque se fala aquí de seguir defendendo a igualdade e solidariedade no reparto dos fondos estatais. Bueno, acabámolo de ver no punto anterior tamén como é o reparto de fondos á hora de facer investimentos por parte da Xunta en determinados concellos. Iso sabémolo todas e todos, é de sobra coñecido.

Entón, polo tanto, aquí é necesario, se queremos sumar todas e todos, é necesario que todas as institucións actúen con seriedade, con rigorosidade e que se poñan á

altura do momento actual. Non é o momento de ter ningún tipo de sectarismo, senón que é o momento de ter altura política.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas por parte do partido Socialista, a súa portavoz, Ana Abelleira.

- **ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Ola, moi bo día; grazas, alcaldesa. Desde logo que o papel dos concellos foi fundamental e básico, e a reacción do Goberno de Lugo foi inmediata. O primeiro día activáronse as medidas extraordinarias de reforzo en canto a salubridade, limpeza, benestar social, forzas de seguridade e axudas económicas, exoneración de taxas, dinamización da economía local, medidas asumidas exclusivamente polo Concello de Lugo, con recursos propios, froito estes recursos dunha xestión de fondos públicos grazas tamén loxicamente ao esforzo de todas as veciñas e veciños de Lugo. Nun ano, no que vai de ano, ata marzo investíronse 20 millóns de euros propios do Concello, o 20% do orzamento dedicouse a axudas directas e a accións de dinamización económica.

Fomos o primeiro Concello en alertar da necesidade destas axudas, destas liñas de acción e de poñelas en práctica. Ao día seguinte da declaración do estado de alarma saíu o Plan Reanima, tan necesario, o que puxo esas axudas á disposición de todos os sectores afectados e das persoas afectadas. Fomos a primeira Administración en facer efectivo o pago destas axudas, e todo sen contar coa Xunta de Galicia.

Concordo co representante do Bloque Nacionalista en que está desaparecida e eu creo que agora temos que ter as miras altas para facer unha política tan necesaria nestes momentos; todo sen contar coa Xunta de Galicia, cero euros, cero contactos, cero interese. Ao señor Feijóo e ao Partido Popular con esta forma de actuar parece que non lle interesa Lugo, falo de Lugo, pero tampouco o resto dos concellos de toda Galicia.

E no que si perden o tempo, desde o meu punto de vista, é en criticar o Goberno central e pór deberes impropios a todos os concellos da comunidade autónoma: recadación de multas covid, que non nos corresponden; limpeza de centros de ensino, dicindo que lles corresponde aos concellos; e moitas outras que asumiron a maior parte dos concellos de Galicia. Pero esquecense do benestar das persoas e en particular dos sectores máis afectados.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

Estou segura de que o Concello de Lugo, o Goberno de Lara Méndez, sacou unhas medidas que fixeron moito máis sinxela a saída desta crise, porque a Xunta de Galicia ten 1.258 millóns comprometidos e transferidos do Estado.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas, e finalizou o seu tempo. Quenda agora para o grupo propoñente, minuto e medio, para o Partido Popular.

- **MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ:** Ben, sorprende ver como, despois do moito que mencionaban nos anos anteriores o señor Montoro, para vostedes o causante de todos os seus problemas, agora non mencionen a ministra de Facenda, a señora Montero, que é a que ten que distribuír os fondos europeos aos concellos, concretamente ao Concello de Lugo.

E vexo que agora están moi obsesionados coa Xunta de Galicia, pero recórdolles que os fondos europeos os distribúe por decisión unilateral de Moncloa o Goberno de España. E, por certo, en aplicación dun decreto lei aprobado grazas ao respaldo de Vox, que depende para quen son os seus amigos.

Por iso dende o Partido Popular estamos preocupados polo reparto que está a facer o Goberno central dos fondos NextGeneration. O que pedimos é transparencia na elaboración do Plan nacional e máxima urxencia na tramitación destas axudas. E quero recordarlles que a Xunta de Galicia leva un ano facendo fronte a unha pandemia sanitaria, tomando decisións que permitiron situar Galicia nas mellores posicións en todas as estatísticas e datos de avaliación de afectación, tanto a nivel sanitario, social como económico.

Pero agora estamos falando dos concellos e preocúpanos saber que fondos chegarán para as veciñas e veciños de Lugo. Unha vez máis as promesas do señor Sánchez quedan en fume; prometían chegar ao 10% e agora unilateralmente só permitirán ás entidades locais xestionar o 1% dos 140.000 millóns de euros que percibirá España de Europa. E desta cuestión non poderán botar as culpas á Xunta, como tanto lles gusta, é responsabilidade directa dos seus compañeiros de partido, do Goberno do PSOE e Podemos en...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas; e quenda agora para a portavoz de Cidadáns.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Non vou dedicar nin un só minuto do meu tempo ao reparto de culpas e de logros que están facendo a representante do Partido Popular e a representante do Partido Socialista. Home, é que só faltaría que nun momento tan crítico como o que estamos a vivir as administracións con competencias e recursos non as puxeran nas mans dos que verdadeiramente os necesitan. Podemos falar do que tardou o Concello de Lugo en poñer en marcha a segunda fase do Plan Reanima, que non foi tan rápido; ou podemos falar tamén da Xunta de Galicia dos erros que cometeu na xestión da pandemia. Este non é o problema o problema é, bueno, o problema non, a oportunidade que supoñen os fondos europeos para a economía española, para os concellos e para as autonomías, iso é o que realmente nos preocupa, como vai ser ese reparto e en mans de quen está, porque os exemplos que estamos a ver de verdade que nos preocupan.

Podemos perder unha verdadeira oportunidade para o desenvolvemento económico e social porque quen o ten que xestionar e porque quen o ten que repartir se vai dedicar a poñer sobre a mesa outro tipo de criterios. Podemos recordar, señora Abelleira, o que se fixo con Plus Ultra; ese é o exemplo de como se reparten as axudas do Estado español. Isto é o que non se pode permitir, por iso imos exixir rigorosidade, transparencia e criterios técnicos que permitan ese reparto xusto para que ninguén quede atrás e sobre todo para que non se cren desigualdades nin desequilibrios. Non perdamos unha oportunidade noutro tipo de intereses aos que están acostumados desde sempre, e hoxe non estamos en sempre, estamos nun momento difícil e complicado.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas e quenda agora para o portavoz do BNG, o señor Arroxo.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Grazas.

Como dicía antes, eu creo que esta proposición se pode tomar de dúas formas: ou como unha cuestión de sumar e plantarlle cara a esta crise, que vai afectar a todas e a todos, e vai afectar a varias décadas posiblemente do desenvolvemento desta sociedade; ou podémola utilizar como un ataque ás diferentes institucións. Eu creo que este é o momento tamén de poñer altura de miras nun momento coma este.

E claro que nos preocupan os fondos NextGeneration, de feito, é unha das cuestións máis importantes do que vai acontecer nos vindeiros meses, porque os fondos NextGeneration poden ter un uso que realmente sexa útil ou un uso que

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

realmente só nos leve á débeda. Entón, iso tamén evidentemente é unha cuestión moi importante no de que se debe sumar para intentar buscar que sexan realmente fondos que acaben no pobo e non que acaben nas cúpulas, como pode haber ese risco. Pero, evidentemente, nós o que vemos aquí é que basicamente se busca un enfrontamento contra un Goberno central sen asumir realmente a responsabilidade que poden ter outro tipo de gobernos, porque ademais aquí literalmente só se fala de concellos e Goberno central, e o Goberno autonómico novamente queda desaparecido, quizais queda desaparecido nesta proposición como está desaparecido na realidade.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas; e quenda agora para a portavoz do Partido Socialista, a señora Abelleira.

- **ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA:** Bueno, anunciaba a emenda de engádega na anterior intervención porque entendemos desde este Goberno lugués, por responsabilidade pública que nos corresponde, que debemos emendar a proposición do Partido Popular para que se fagan efectivas esas ideas que promulgan.

E, estando de acordo con que todas as administracións deben asumir as súas competencias, a Xunta dende logo que tamén. Por iso esta engádega que di que se transfiran ás entidades locais o 15% dos fondos europeos de loita contra a covid que vai recibir de Europa; que transfira ás entidades locais o 15% dos fondos europeos de loita para axudas directas para pemes e autónomos; e que a distribución dos fondos se faga de acordo de acordo coa poboación dos concellos e que se busque unha fórmula obxectiva similar tamén para as deputacións.

Demostren que non é logo hipócrita esta proposición que teñen e expóñanse e déanse a oportunidade de ser partícipes desta reactivación económica e dunha mellor saída para todos e todas, e que fronte a esa hipocrísía, se vostedes votan a favor desta engádega, nós votaremos a favor tamén da súa proposición, porque dende logo ningunha Administración pode quedar fóra das responsabilidades que nos son propias.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, moitas grazas. Última quenda para a portavoz do Partido Popular.

- **MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ:** Ben, non imos aceptar a emenda presentada porque a nosa proposición é para instar o Goberno de España a cumprir os compromisos asumidos coas entidades locais. Véxoos moi obsesionados coa Xunta, pero recórdolles que os fondos europeos os distribúe o Goberno central.

É terrible que os españois aínda non saibamos como vai investir o Goberno central estes 140.000 millóns de euros, e recórdolles que en xaneiro de 2021 Abel Caballero, presidente da FEMP, pediu que os fondos se asignasen directamente ás entidades locais, e asegurou que no mes de febreiro se coñecerían; estamos a finais de abril e descoñecemos os fondos que van vir. E o 23 de febreiro o señor Caballero afirmou que o fondo de transporte se recibiría antes do 31...

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moi ben, finalizou o seu tempo.

Eu creo que aínda temos na retina a crise tan dura, tan demoledora que vivimos nos anos 2008, 9, 10, e que naquel momento afrontouse a crise desde a austeridade. As políticas do señor Montoro, señora Abades, que o botaba de menos, a austeridade. Neste caso esta nova crise derivada dunha crise pandémica mundial, enfróntase coa proactividade, sendo proactivos, inxectando cartos e, polo tanto, as políticas da señora Montero, hai xa unha gran diferenza de base. Con políticas de austeridade, que nos levaron á situación á que non levaron e que aínda estabamos saíndo case dela cando nos atacou esta situación de crise económica; e agora, pola contra, sendo proactivos, inxectando onde se necesita os cartos.

E falan do reparto de culpas ou logros, que máis aló da hemeroteca, que está aí, que se pode ver cando anunciou cadaquén as axudas, cando cobrou cadaquén as axudas, quen sacou un segundo plan ou non, porque hai moitos casos nos que aínda non sacaron nin o primeiro plan; pero como iso está aí e está a hemeroteca, aquí non se trata de culpas ou logros, trátase de reparto de cartos. E ese reparto de cartos o Goberno central fíxoo ás comunidades autónomas. No caso de Galicia recibiu 1.258 millóns de euros para inxectar en distintos sectores; 735 millóns de euros para Sanidade, para redución de actividade económica, para Educación, dos cales nós non recibimos nada, a nosa comunidade autónoma, é dicir, a Xunta de Galicia, o señor Feijóo non deu nin un só euro aos municipios, cando menos ao municipio de Lugo: 0 €.

Outras comunidades autónomas que si recibiron cantidades similares do Estado foron quen de darlles aos concellos parte destes fondos para facerlles fronte aos

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

gastos que estaban asumindo a pesar en moitos casos de non ser competencias propias. Non así, reitero, no Concello de Lugo, e non así en moitas comunidades autónomas que, por certo, ningunha delas das que deron cartos aos concellos está gobernada polo Partido Popular.

Pero falabamos destes 735, aos cales hai que sumarlle 272 de fondos FEDER para Sanidade, 17 millóns do Fondo Social Extraordinario ou 234 que se van a dar agora para axudas a empresas ou autónomos. E, polo tanto, o Goberno de España deulle á Xunta de Galicia 1.258 millóns de euros, que é o que queremos nós que fagan tamén as comunidades autónomas cos concellos.

Pero, en todo caso, nós pediamos, pedimos e seguiremos pedindo, que parte deses fondos NextGeneration veñan tamén aos municipios. E nós temos a mesma voz goberne quen goberne, porque a nosa voz é a voz dos lucenses e, polo tanto, estaremos defendendo os lucenses goberne o Partido Popular ou goberne o Partido Socialista. E nós pediremos que parte deses fondos veñan aos concellos. Pero en todo caso eses fondos que tamén van ir ás comunidades autónomas, porque desde o Goberno central llo van a repartir ás comunidades autónomas, que as comunidades autónomas tamén transfiran parte aos concellos para poder ser útiles, áxiles e eficaces, como estamos demostrando, como demostramos, que, a pesar das limitacións que temos, das competencias que temos e dos escasos recursos económicos que poidamos ter, levámoslle dedicado nun ano, pouco máis dun ano, máis de 20 millóns en activacións en plans para intentar paliar a situación tan difícil. Porque este Goberno estará, estivo e está e estará ao lado dos seus veciños e as súas veciñas intentando minimizar esta situación.

É unha mágoa que non queiran engadir ou non queiran aprobar ou estimar esta emenda, porque o único que pediamos era precisamente sumar entre todas as administracións nun momento tremendamente difícil e complicado.

Procedemos entón, coa emenda rexeitada, a votar a proposta do Partido Popular.

17/67 PROPOSICIÓN DO GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS LUGO, NÚMERO 133/2021 DE REXISTRO DE PLENO, RELATIVA Á RECUPERACIÓN E REPARACIÓN DAS CONSECUENCIAS DO INCENDIO DO POLÍGONO DE O CEAO.-

Vista a antedita proposición do Grupo Municipal Ciudadanos Lugo, número 133/2021 de Rexistro de Pleno, que foi ditaminada na Comisión Especial de Contas e Ordinaria de Alcaldía e Gobernanza: Economía e Recursos Humanos, na sesión celebrada o día 26 de abril de 2021, cuyo texto seguidamente se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

El pasado domingo 11 de abril, en torno a las seis de la mañana se declaraba en una nave industrial del polígono de O Ceao, el incendio más importante que recuerda esta ciudad en las últimas décadas.

La nave industrial en la que se inició el terrible incendio, se calcino por completo, pero el mismo, también afectó a otras naves colindantes, todas ellas situadas en la Avenida de la Industria de dicho polígono.

Por suerte, y gracias al desalojo de las naves afectadas, que llevaron a cabo los servicios de emergencia, no tenemos que lamentar daños personales, pero sí importantísimos daños materiales, que en ningún caso pueden ser ajenos al Concello de Lugo, que debe crear, en coordinación con otras administraciones, la oportuna línea de ayudas a las empresas afectadas, que garantice su viabilidad a corto y medio plazo y con ella, los puestos de trabajo.

La solidaridad institucional con los empresarios y trabajadores afectados no puede quedarse, por parte del Ayuntamiento, en una mera declaración, sino que deben tomarse todas aquellas medidas necesarias que contribuyan, en la medida de lo posible, a su recuperación y al mismo tiempo, comprometerse a adoptar todas las medidas necesarias para que los servicios públicos respondan con mayor eficacia y contundencia en eventuales y similares situaciones futuras. Y es que no podemos permanecer ajenos a la realidad de lo sucedido ese fatídico domingo, y al funcionamiento anormal de los servicios públicos, ya que son muchas las voces, de los propios afectados, de las que se han hecho eco los medios de comunicación en estos últimos días, que critican la falta de presión de agua en las bocas de incendio situadas en las inmediaciones de las naves afectadas.

En este sentido es importante destacar las declaraciones públicas del Gerente del Axencia Galega de Emerxencias, en las que además de señalar la magnitud del incendio en cuestión, destacó la colaboración prestada por el grupo Leche Río, al que todos debemos estar agradecidos pero que deja en evidencia el funcionamiento de los servicios públicos. Así dicho Gerente llegó a manifestar que, *cuando en unas circunstancias así te quedas sin agua, el incendio podía haber evolucionado hacia las naves colindantes, que no fue así, ya que gracias al gran trabajo de los bomberos de Lugo se contuvo. Si no llegan a estar los camiones de Leche Río, mientras no llegan las carroceras utilizadas en los incendios forestales, el fuego se hubiera ido hacia otras naves que estaban siendo afectadas en ese momento.*

Así las cosas, cabe preguntarse si el anormal funcionamiento de los servicios públicos, podrá traer como consecuencia que alguno de los afectados, o sus compañías aseguradoras, interpondrá la correspondiente reclamación por responsabilidad patrimonial de la administración, a lo cual este Concello debe anticiparse, contratando de forma externa el oportuno informe técnico que valide el correcto funcionamiento de los servicios públicos y determine hasta dónde llegan la responsabilidad municipal en la propagación del fatal incendio y asimismo, la auditoría de todos los hidrantes del municipio, en la que se compruebe que los

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

mismos cumplen con la normativa y se han realizado todas las inspecciones periódicas correspondientes.

Si creemos importante destacar que el Cuerpo de Bomberos y las Fuerzas de Seguridad del Estado han hecho una labor encomiable, gracias a la cual, las consecuencias de este incendio no han sido peores, y todo ello, a pesar de los importantes impedimentos que ha encontrado en el desarrollo de su labor.

Por todo lo expuesto, el Grupo Municipal Ciudadanos Lugo presenta al Pleno de la Corporación para su debate y, si procede, aprobación, los siguientes,

ACUERDOS

PRIMERO.– Que el Gobierno Municipal realice todos los trámites necesarios para la contratación, a una empresa especializada, del oportuno informe técnico que valide el correcto funcionamiento de los servicios públicos, que determine hasta dónde llegan las responsabilidades municipal en la propagación del incendio en el polígono de O Ceao del 11 de abril de 2021; y asimismo la auditoria de todos los hidratantes del municipio, en la que se compruebe que los mismos cumplen con la normativa y se han realizado todas las inspecciones periódicas correspondientes.

SEGUNDO.– Que Gobierno Local promueva y coordine, con la Xunta de Galicia y el Gobierno de España, la creación de una línea específica de ayudas económicas para las empresas afectadas, que garantice su viabilidad a corto y medio plazo, minimizando así las consecuencias de este fatal incendio tanto para las empresas como para sus trabajadores.”

Visto, así mesmo, a emenda presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular o día 27 de abril de 2021, número de Rexistro de entrada 136/2021, na que se propón a modificación do punto 2 do acordo, que foi REXEITADA polo Grupo Municipal de Ciudadanos Lugo, autor da proposición.

Tras a deliberación efectuada, sométese o asunto a votación, acadándose os seguintes resultados:

Votos emitidos: 25

- **Votos a favor:** 12 dos Grupos Municipais do Partido Popular e de Ciudadanos Lugo.
- **Votos en contra:** 13 dos Grupos Municipais do Partido Socialista de Galicia-PSOE e do Bloque Nacionalista Galego.
- **Abstencións:** 0

En virtude de todo o cal, o Excmo. Concello Pleno **ACORDA** REXEITAR a proposición presentada polo Grupo Municipal Ciudadanos Lugo, anteriormente transcrita.

DELIBERACIÓN

Este asunto foi debatido conxuntamente co punto número 15/65. As intervencións producidas figuran na presente Acta ao pé do referido acordo.

B) PARTE DE INFORMACIÓN, IMPULSO E CONTROL

ACTAS E GOBERNO

18/68 DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS QUE OBRAN NO SERVIZO DE ACTAS E GOBERNO DENDE O DÍA 12 DE MARZO DE 2021, RECOLLIDOS NO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS.

En conformidade co informe da Vicesecretaría Municipal, obrante no expediente, e para dar cumprimento ao establecido no artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, así como ao disposto no artigo 22 do Regulamento orgánico municipal do Pleno do Concello de Lugo, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** das resolucións ditadas pola Alcaldía e polos seus Delegados e Delegadas, que obran no Servizo de Actas e Goberno dende o día 12 de marzo de 2021, coa numeración 1970/2021 a 2986/2021, na plataforma electrónica TECOL, recollidas no Libro único de resolucións correspondente ao ano 2021.

De todo o cal, a Excmo. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos.

19/69 DACIÓN DE CONTA DO DECRETO NÚMERO 2973/2021, DO 16 DE ABRIL DE 2021, DO LIBRO ÚNICO DE RESOLUCIÓNS, SOBRE NOVA ORGANIZACIÓN MUNICIPAL DA CORPORACIÓN 2019-2023.

Examinado o expediente tramitado para estes efectos, ao Excmo. Concello Pleno **DÁSELLE CONTA** do Decreto número 2973/2021 do Libro Único de Resolucións, asinado con data do 16 de abril de 2021, do seguinte teor:

“Visto que no Decreto número 19005684, do 1 de xullo de 2019 posteriormente modificado polos Decretos 19005695, do 3 de xullo dese mesmo ano e 5286/2020 de 18 de setembro, plasmáronse os diferentes aspectos que afectaban á organización e funcionamento municipais, para optimizar éste último e acadar unha armoniosa distribución das competencias a asumir por cada unha das áreas e servizos con delegación desta Alcaldía.

Visto que a pandemia que nos afectou no ano 2020 tivo trastocado toda a nosa actividade económica, cómpre, neste intre no que cabe esperar que a volta á normalidade sexa unha realidade inmediata, artellar unha estrutura que permita a adopción, en primeiro lugar, e logo plena efectividade das estratexias e solucións que este equipo de goberno ten deseñado para que a cidade saia reforzada e

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

encare os vindeiros anos con garantías de acadar a plena reactivación e un crecemento sostible.

Vista a necesidade de organización do Concello para optimizar o seu funcionamento, esta Alcaldía, de conformidade co establecido nos artigos 124 e 126 do texto vixente da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e concordantes do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo (ROMGA), **RESOLVE**

PRIMEIRO.- Deixar sen efecto o Decreto número 19005684, do 1 de xullo de 2019, modificado polo Decreto número 19005695, do 3 de xullo de 2019 e polo Decreto 5286/2020 de 18 de setembro que contiñan as disposicións vixentes ata esta data en materia de organización municipal. Deixar así mesmo sen efecto o Decreto 19008007 de 21/09/2019 de coordinación do Área de Gobernanza.

SEGUNDO.- Nomear, de conformidade co establecido nos artigos 126 e concordantes do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 12 e concordantes do ROMGA, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, membros da **XUNTA DE GOBERNO LOCAL** os seguintes:

- Sr. D. Álvaro Santos Ramos
- Sra. D.^a Mercedes Paula Alvarellos Fondo
- Sr. D. Miguel Fernández Méndez
- Sra. D.^a Ana María González Abelleira
- Sr. D. Rubén Arroxo Fernández
- Sra. D.^a Tareixa Antía Ferreiro Tallón
- Sra. D.^a María Cristina López Fernández.

TERCEIRO.- Designar Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local a don Miguel Fernández Méndez e primeiro e segundo suplentes deste aos concelleiros don Rubén Arroxo Fernández e don Álvaro Santos Ramos, respectivamente.

Ás súas sesións -cando sexan convocadas/os ou a súa presenza sexa requirida pola Presidencia deste órgano municipal- asistirán a persoa titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno e ao seu Concelleiro Secretario e o Interventor Xeral Municipal (ou funcionarias/os ás/aos que se lles encomenden estes cometidos).

CUARTO.- A Xunta de Goberno Local celebrará sesión ordinaria todos os **mércORES ás dez horas**, en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria.

Se o día fixado para a celebración da sesión ordinaria fose festivo ou inhábil, celebrarase sesión o seguinte día hábil.

QUINTO.- Nomear, de conformidade co establecido no artigo 124.e) do vixente texto da LRBRL e 28 do ROMGA, tenentas e tenentes de Alcaldesa ás seguintes concelleiras e concelleiros, quedando establecida a seguinte orde para as **TENENTAS E TENENTES DE ALCALDESA:**

- 1º Tenente de Alcaldesa: Ilmo. Sr. D. Rubén Arroxo Fernández.
- 2º Tenente de Alcaldesa: Ilmo. Sr. D. Álvaro Santos Ramos.
- 3ª Tenenta de Alcaldesa: Ilma. Sra. D.^a Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

- 4ª Tenenta de Alcaldesa: Ilma. Sra. D.ª Tareixa Antía Ferreiro Tallón.
5º Tenente de Alcaldesa: Ilmo. Sr. D. Miguel Fernández Méndez.
6ª Tenenta de Alcaldesa: Ilma. Sra. D.ª Ana María González Abelleira.
7ª Tenenta de Alcaldesa: Ilma. Sra. D.ª María Cristina López Fernández.

As tenentas e os tenentes de Alcaldesa substituirán á Alcaldesa ou Alcalde pola orde do seu nomeamento, nos casos de vacante, ausencia, enfermidade ou abstención legal.

SEXTO.- Determinar a denominación e ámbito material das **ÁREAS DE GOBERNO MUNICIPAL segundo** o seguinte detalle:

ÁREA DE ALCALDÍA

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos Proxectos Estratéxicos de Transformación da Cidade, sen prexuício que o seu seguemento e xestión ordinaria poida ser obxecto de delegación específica ou atribución a outro área, que serán, como mínimo, os relativos ás seguintes materias: estatexias de xestión dos fondos europeos, goberno municipal e organización dos servizos administrativos e relacións institucionais con todo tipo de organismos ou entidades públicos e privados, incluíndo as actuacións de carácter protocolario.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes órganos directivos:

- Secretaría Xeral do Pleno, que terá atribuídas as funcións de coordinación específica con respecto aos procedementos relacionados cos seguintes servizos e/ou materias: inventario e patrimonio municipais e dirección da execución da planificación normativa municipal
- Organo de apoio á Xunta de Goberno Local, que terá atribuídas as funcións de coordinación específica con respecto aos procedementos da Concellería de Benestar Social e aos relacionados cos seguintes servizos e/ou materias: rexistro municipal e atención cidadá e transparencia da información pública.
- Asesoría Xurídica.
- Intervención Xeral, que terá atribuídas as funcións de coordinación xeral e específica das Areas de Alcaldía e Sostibilidade Urbana e con respecto aos procedementos relacionados cos seguintes servizos e/ou materias: contratación municipal
- Secretaría da Administración municipal

Así mesmo, dentro desta área inclúense os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Actas e Goberno (Unidades de Actas, de Gobernación e Normalización Lingüística); Asesoría Xurídica; Servizo de Intervención; Gabinete da Alcaldía e Oficina de Prensa; Conserxería e Notificadores; Policía Local e os seus auxiliares e Sección de Mobilidade e Sancións respecto do procedemento sancionador; Servizo de Informática; Servizo de Prevención e Extinción de Incendios, Parque Móbil municipal e Oficina EDUSI.

Así mesmo, adscríbese a esta Area a dona Marta Carballal Neira, Adxunta ao xefe de servizo de Enxeñería para a colaboración naqueles proxectos

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

estratéxicos que designe a Alcaldesa a través da Coordinación da Area.

ÁREA DE COHESION TERRITORIAL

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- protección do medioambiente e cambio climático;
- xestión enerxética eficiente;
- xestión integral de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria;
- parques e xardíns e zonas verdes;
- Plan especial de protección do río Miño(PEPRIM);
- Axenda 2030 para un Desenvolvemento sostible;
- vixilancia do acondicionamento de espazos libres de maleza
- almacenamento de verteduras incontroladas;
- xestión integral do ciclo da auga e as súas redes
- conservación, limpeza e obras ordinarias en vías públicas e infraestruturas do ámbito rural;

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Medio Ambiente, Servizo de Augas, Unidade administrativa de Parques e Xardíns, a Brigada de Augas e Saneamento, Unidade de Zona Rural, Parque Móbil e Brigada e Parque de Maquinaria.

ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- ordenación e xestión urbanística e execución do planeamento urbanístico;
- intervención na regulación do mercado do solo e xestión do patrimonio municipal do solo;
- intervención no exercicio das facultades dominicais relativas ao uso do solo e edificación
- actuacións de disciplina urbanística;
- promoción e xestión de vivenda;
- conservación e protección do patrimonio histórico-artístico;
- fomento da conservación e rehabilitación das edificacións;
- actuacións de arqueoloxía para preservación do patrimonio;
- vixilancia e control de establecementos industriais, comerciais, de servizos, de espectáculos e actividades recreativas, establecementos públicos e outras instalacións sometidas a autorización municipal

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Urbanismo; Servizo de Licenzas; Servizo de Arquitectura, Oficina de Rehabilitación, Oficina de Arqueoloxía e Empresa municipal de Vivenda e Solo EVISLUSA.

ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- xestión e xeración de recursos económicos
 - contabilidade;
 - tesourería e recadación;
 - facenda local e xestión e inspección tributaria;
 - contratación local;
 - patrimonio municipal;
 - fomento de actividades de interese público
- xestión do persoal ao servizo da Corporación local.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes órganos directivos:

Tesourería xeral (órgano de Xestión Económico-Financeira, que terá atribuídas as funcións de coordinación específica con respecto aos procedementos relacionados cos seguintes servizos e/ou materias: Tesoureiría, Contabilidade, Facenda Local e Inspección de Tributos da área.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Tesourería; Servizo de Facenda Local; Servizo de Inspección de Tributos; órgano de orzamentación e contabilidade, Servizo de Contratación e Patrimonio, Servizo de Fomento, Servizo de Prevención e Saúde e Servizo de Persoal.

Esta área poderá estar asistida por un/unha DIRECTOR/A XERAL DE RECURSOS HUMANOS -posto directivo creado por acordo número 7/122 da sesión plenaria celebrada o 30 de xuño de 2016- coas funcións que lle atribúe o artigo 56 do ROMGA en materia de recursos humanos. Quedan integrados na citada dirección xeral os postos de traballo e as unidades que forman parte do Servizo de Persoal.

ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- fomento e promoción da actividade económica;
- fomento e promoción do comercio;
- formación e fomento do emprego;
- estratexias xerais de desenvolvemento local.
- Festivais musicais e de artes para o desenvolvemento local (Caudal Fest)
- seguemento da estratexia dos fondos europeos asignados pola Alcaldía

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Espazo Lab, talleres e obradoiros de emprego, Axencia de Desenvolvemento Local e CEI- NODUS.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

Dentro desta área créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE XUVENTUDE E DEPORTES** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- servizos e actuacións que teñan que ver coa xuventude;
- prevención das drogodependencias
- Casa de Música.
- Actividades de dinamización económica da xuventude
- actividades, instalacións e equipamentos deportivos.
- fomento do deporte
- ARDE LUCUS

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Puntos de información xuvenil; Sección de Xuventude, Casa da Xuventude, Servizo de Atención a Drogodependentes, Casa de Música, Sección de Deportes.

Dentro desta área créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE BENESTAR SOCIAL, INCLUSIÓN E PERSOAS MAIORES** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- prestación dos servizos sociais, de promoción e reinserción social (servizos comunitarios e especializados);
- instalacións e equipamentos de carácter social;
- intervención na adxudicación das vivendas sociais;
- pisos de emerxencia social para erradicar a exclusión social;
- voluntariado social;
- organizacións non gubernamentais;
- centros de servizos sociais: centros de convivencia, Fogar do Transeúnte;
- edificio de vivendas adaptadas para persoas con mobilidade reducida e outras discapacidades (Casa Domótica);
- minorías étnicas e inclusión social;
- emigración e inmigración;
- centros de dinamización rural e
- dinamización e promoción sociocultural (animación sociocultural).

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Servizos Sociais; centros de servizos sociais: centros de convivencia municipais, centros de dinamización rural, Fogar do Transeúnte, pisos de acollida, Centro de Día 'Antonio Gando' e Casa 'Clara Campoamor'.

Dentro desta área créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE MULLER E IGUALDADE** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas

seguintes materias:

- promoción e atención á muller (os servizos vinculados co CIM deLugo);
- promoción da igualdade e da diversidade en todos os eidos;
- Atención á muller en situacións de especial vulnerabilidade (pisos de acollida).

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta subárea de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Igualdade; Casa da muller e persoal dos pisos de acollida.

ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- convenio Lugo Cultural;
- actividades e instalacións e equipamentos culturais;
- festexos populares
- bibliotecas públicas;
- museos e salas de exposicións;
- turismo e promoción da cidade;
- banda municipal de música e escola municipal de música e
- casa das linguas.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Cultura, Turismo e Promoción da lingua, museos e salas municipais de exposicións; auditorios municipais; bibliotecas municipais; Oficina de Turismo, casa das linguas, banda de música e escola municipal de música.

Dentro desta área créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- educación, centros docentes e equipamentos educativos;
- centro de educación infantil;
- educación viaria (Parque Infantil de Tráfico)e
- atención integral á infancia e adolescencia

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Educación e pedagogas municipais; centros de educación infantil; celadores de colexios públicos e persoal do Parque Infantil de Tráfico.

ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

- información e atención á cidadanía e participación cidadá;
- transparencia da información pública
- defensa de usuarias/os e consumidoras/es;
- atención á saúde;
- sanidade e protección da salubridade pública;
- funcionalmente, transporte público e tarxeta cidadá;
- estatística e padrón municipal;
- cemiterio e servizos funerarios;
- taboleiro de edictos;
- arquivo municipal;
- abastos, feiras, mercados e venda ambulante.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse especificamente incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Rexistro e Participación cidadá, Oficina de Información e Atención ao Cidadán- Participación Cidadá; Negociado de Consumo e Oficina Municipal de Información ao Consumidor; Arquivo municipal; Taboleiro de Edictos; e Encargado e vixiantes de prazas e mercados.

ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS

Corresponderalle a esta área a coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías públicas e sinalización destas;
- transporte público de viaxeiros/as
- negociado de policía
- deseños de mobilidade urbana e plans de tráfico
- organización viaria e coordinación de proxectos e obras no contorno urbano

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Sección de Policía, Tráfico e Transportes, brigada de sinalización viaria.

Dentro desta área créase unha **CONCELLERÍA DE CARÁCTER ESPECÍFICO DE INFRAESTRUTURAS URBANAS** que se encargará da coordinación executiva e supervisión directa dos asuntos e actividades relacionados coas seguintes materias:

- conservación mantemento e limpeza e obras ordinarias en vías públicas infraestruturas e bens do contorno urbano.

Sen prexuízo da obrigada vinculación daqueles outros que, por mor das tarefas que teñan asignadas, desenvolvan as súas funcións en relación coas materias antes enumeradas, considéranse incluídos nesta área de goberno municipal os seguintes servizos e dependencias municipais: Servizo de Enxeñería, Servizos Electromecánicos e Industriais, a Brigada Municipal de Vías e Obras e,

funcionalmente, a Sección de Xestión (no que atinxe á tramitación de obras ordinarias)

SÉTIMO.- De conformidade co disposto no artigo 29 do ROMGA, e coa excepción da Área de Goberno da Alcaldía, a titularidade das restantes áreas de goberno encoméndase do seguinte modo:

Ao primeiro Tenente de Alcaldesa, Ilmo. Sr. D. Rubén Arroxó Fernández, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS.

Ao segundo Tenente de Alcaldesa, Ilmo. Sr. D. Álvaro Santos Ramos, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA

Á terceira Tenenta de Alcaldesa, Ilma. Sra. D.^a Mercedes Paula Alvarellos Fondo, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS.

Á cuarta Tenenta de Alcaldesa, Ilma. Sr. D.^a Tareixa Antía Ferreiro Tallón, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA.

Ao quinto Tenente de Alcaldesa, Ilmo. Sr. D. Miguel Fernández Méndez, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE COHESION TERRITORIAL.

Á sexta Tenenta de Alcaldesa, Ilma. Sra. D.^a Ana González Abelleira, atribúeselle a titularidade da ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACION SOCIAL.

Á sétima Tenenta de Alcaldesa, Ilma. Sra. D.^a M.^a Cristina López Fernández atribúeselle a titularidade da ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA.

De conformidade co disposto nos artigos 29, 37 e 41 do ROMGA, as e os tenentes de Alcaldesa delegados de área son as xefas e os xefes da área que se lles asigna, e a súa titularidade levará aparellada as funcións de dirección, planificación e coordinación, sen prexuízo das delegacións de atribucións que lles confira a Xunta de Goberno Local ou a Alcaldía.

OITAVO.- Determinar o réxime de suplencias das e dos tenentes de Alcaldesa de acordo co seguinte:

As e os tenentes de Alcaldesa delegados de área, nos supostos de vacante, enfermidade ou impedimento que imposibilite para o exercicio do cargo, ou cando por calquera causa houberan de ausentarse por períodos superiores a 24 horas, e non se ditase acordo ao respecto da súa substitución, serán suplidas/os da seguinte forma:

1. AO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS suplirao a **Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción daLingua.**

2. AO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA suplirao a **Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos.**

3. Á TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS supliraa o **Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Cohesión Territorial.**

4. Á TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE CULTURA, TURISMO

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

E PROMOCIÓN DA LINGUA supliraa a **Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Participación e Servizos para a veciñanza.**

5. AO TENENTE DE ALCALDESA DELEGADO DA ÁREA DE COHESION TERRITORIAL suplirao a **Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cohesión e Dinamización Social**

6. Á TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA DA ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACION SOCIAL supliraa o **Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Sostibilidade Urbana.**

7. Á TENENTA DE ALCALDESA DELEGADA ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA supliraa o **Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas.**

No caso de que se atopasen ausentes a tenenta ou o tenente de Alcaldesa titular dunha área e o seu suplente, a Alcaldesa ou Alcalde asumirá as atribucións de ambas/os as/os delegadas/os, con independencia da persoa que nese momento estea desempeñando a Alcaldía.

NOVENO.- DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA.- Delegar nas e nos tenentes de Alcaldesa delegados de área e nos concelleiros/as delegados/as o exercicio das atribucións que lle correspondan a esta Alcaldía, sempre e cando non sexan indelegables ou esta se reservase o seu exercicio, en relación cos servizos, actividades e materias comprendidas nas súas respectivas áreas e concellerías delegadas.

A delegación de atribucións efectuada abrangue:

- a facultade de dirección específica dos servizos incluídos na súa respectiva área e concellería delegada;
- a xestión dos servizos en xeral, incluída a facultade de resolver mediante actos administrativos, incluso os que afecten a terceiros;
- a sinatura de convenios e contratos, se ben esta Alcaldía, sen necesidade de avocación formal, poderá levar a cabo a sinatura dos documentos indicados.
- a autorización e disposición de gastos nas súas respectivas áreas e concellerías delegadas;
- corresponderalle á Tenenta de Alcaldesa Delegada da área de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos respecto de todas as facturas tramitadas polo Concello, o recoñecemento e liquidación da obriga así como a ordenación do pagamento, tanto se a súa autorización e disposición lle correspondese a ela ou a outra área;
- corresponderalles ás e aos tenentes de Alcaldesa delegados de área e ás e aos concelleiros/os delegados/os o recoñecemento e liquidación de obrigas así como a ordenación do pagamento do resto dos gastos non incluídos no parágrafo anterior e que correspondan á súa área de goberno ou concellería delegada.

A Alcaldesa **reservarase** para si as seguintes:

- as atribucións que, por disposición legal, sexan indelegables;
- a resolución dos recursos de reposición;
- o exercicio das atribucións que lle corresponden á Alcaldesa en relación cos servizos, actividades e materias comprendidos na ÁREA DA ALCALDÍA;
- a representación do Concello, agás nos supostos en que puntual e

expresamente se delegue;

- a formalización de escrituras e demais documentos públicos que se refiran a acordos adoptados polo Pleno;
- a presidencia dos órganos colexiados municipais que lle corresponda, agás nos supostos de substitución por razóns de enfermidade, ausencia ou abstención legal ou por ter conferidas delegacións específicas para isto.

DÉCIMO.- As facultades de dirección interna e xestión dos servizos e actividades concretas incluídas nas respectivas **concellerías delegadas** estarán delegadas nas concelleiras e concelleiros que, a seguir, se indican:

- 1.- En DON MAURICIO REPETTO MORBAN, respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE XUVENTUDE E DEPORTES**.
- 2.- En DONA OLGA LÓPEZ RACAMONDE respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE BENESTAR, INCLUSIÓN E PERSOAS MAIORES**
- 3.- En DONA SILVIA ALONSO PÉREZ, respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE MULLER E IGUALDADE**.
- 4.- En DON FELIPE RIVAS JORGE, respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE EDUCACIÓN E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO**.
- 5.- En DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS respecto da **CONCELLERÍA DELEGADA DE INFRAESTRUTURAS URBANAS**.

Supliranse as ausencias dos/as concelleiros/as delegados/ as polos responsables das áreas nas que están adscritas.

As facultades delegadas incluirán a de resolver mediante actos administrativos, e exerceranse baixo a supervisión do tenente de alcaldesa delegado ou tenenta de alcaldesa delegada da área na que se encadra a correspondente concellería.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Co fin de axilizar a tramitación dos expedientes administrativos, delégase **nas e nos tenentes de Alcaldesa delegados e delegadas de área e concelleiros delegados** en relación cos asuntos propios de cada unha delas, a sinatura dos seguintes documentos:

- "**visto e prace**" das certificacións que deban ser expedidas polos órganos municipais con funcións de fe pública;
- os **oficios e comunicacións** a outras administracións públicas, calquera que sexa o órgano ou unidade administrativa á que vaian dirixidos, así como a xulgados e tribunais;
- **anuncios e edictos**, agás nos supostos contemplados no artigo 122.5 letra d) da Lei 7/1985;
- en xeral, todas aquelas actuacións que non impliquen resolución dos expedientes e contribúan a impulsar a súa tramitación.

En supostos de urxencia, ausencia ou calquera imprevisto que impida a sinatura polas delegadas ou delegados, e co fin de non demorar os trámites correspondentes, esta Alcaldía, sen necesidade de avocación formal, poderá levar a cabo a sinatura dos documentos indicados.

DÉCIMO SEGUNDA.- **VIXENCIA:**

- 1.- Este decreto estará en vigor en tanto non se proceda á súa modificación, producirá efectos dende o día da súa sinatura e seralles notificado ás e aos

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac6356672230265673550.doc

Asunto: PLENO ORDINARIO DO 29-4-2021

interesados, e as delegacións de atribucións conferidas para a súa eficacia-requirirán ser aceptadas por parte das/os delegadas/os, aceptación que se entenderá feita polo transcurso de **TRES DÍAS DENDE** a notificación sen que se fixese manifestación ningunha ao respecto (artigo 7.3 do ROMGA).

2.- Deste decreto daráselle conta ao Excmo. Concello Pleno na primeira sesión que celebre; procederase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, á súa exposición no Taboleiro de Edictos e á súa comunicación aos servizos municipais.

Cúmprase.”

De todo o cal, a Excm. Corporación Municipal quedou informada para os oportunos efectos.

ROGOS E PREGUNTAS

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excm. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as doce horas e dezaioito minutos do expresado día vinte e nove de abril de dous mil vinte e un, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas, autorizándoa coas sinaturas da Excm. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, e do Secretario. De todo o cal, eu, don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.